Antes de entrar en materia tamén quero expresar a solidariedade do Grupo Municipal do BNG cos traballadores de Isowat. Creo que é absolutamente lamentable para A Coruña e a súa comarca que se perda unha nova empresa e creo que é lamentable a ineficacia demostrada neste asunto por parte das administracións competentes: o Goberno central e a Xunta de Galiza. Non sei se sería pertinente mandarlle un recordatorio á Xunta de Galiza para lle lembrar que tamén ten competencias en materia de política industrial.

Antes de entrar en materia también quiero expresar la solidaridad del Grupo Municipal del BNG con los trabajadores de Isowat. Creo que es absolutamente lamentable para A Coruña y su comarca que se pierda una nueva empresa y creo que es lamentable la ineficacia demostrada en este asunto por parte de las administraciones competentes: el Gobierno central y la Xunta de Galicia. No sé si sería pertinente mandarle un recordatorio a la Xunta de Galicia para recordarle que también tiene competencias en materia de política industrial.

Ben, dito isto e centrándome xa na cuestión que se debate, quero comentar, en primeiro lugar, que hai datos incorporados ó Plan que agora se somete a aprobación inicial que son moi interesantes de cara a extraer conclusións e deseñar a acción futura. No período 2008-2017, no termo municipal da Coruña producíronse 125 lumes, un total de algo máis de 104 hectáreas queimadas, delas preto de 86 hectáreas foron monte raso e algo máis de 18 hectáreas arboradas, cunha media anual de 12 incendios e medio e de case 10 hectáreas e media queimadas. Con todo, os anos de maior actividade concentráronse no período 2008-2012, reducíndose o número de incendios nos anos posteriores. A parroquia con maior número de incendios é a de Visma, con 77, máis do 50% do total, seguida a moita distancia de San Vicenzo de Elviña, San Cristovo das Viñas, até o punto de que na aplicación do establecido na Lei de montes de Galiza, Visma ten a consideración de parroquia de alta actividade incendiaria e, por iso, boa parte das actuacións contempladas neste plan concéntranse nesta parroquia.

Bien, dicho esto y centrándome ya en la cuestión que se debate, quiero comentar, en primer lugar, que hay datos incorporados al Plan que ahora se somete a aprobación inicial que son muy interesantes de cara a extraer conclusiones y diseñar la acción futura. En el período 2008-2017, en el término municipal de A Coruña se produjeron 125 incendios, un total de algo más de 104 hectáreas quemadas, de ellas cerca de 86 hectáreas fueron monte raso y algo más de 18 hectáreas arboladas, con un promedio anual de 12 incendios y medio y de casi 10 hectáreas y media quemadas. Con todo, los años de mayor actividad se concentraron en el período 2008-2012, reduciéndose el número de incendios en los años posteriores. La parroquia con mayor número de incendios es la de Visma, con 77, más del 50% del total, seguida a mucha distancia de San Vicente de Elviña, San Cristovo das Viñas, hasta el punto de que en la aplicación de lo establecido en la Ley de montes de Galicia, Visma tiene la consideración de parroquia de alta actividad incendiaria y, por eso, buena parte de las actuaciones contempladas en este plan se concentran en esta

parroquia.

Pero máis aló do comentario destes datos, este plan é preceptivo na aplicación do establecido no artigo 7 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, que atribúe esta competencia aos concellos, e é preceptivo tamén polo convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galiza, a FEGAMP e o Seaga, ó que se adheriu o Concello da Coruña. Por esa razón, o BNG vai votar favorablemente, pero aínda así hai algunhas consideracións que quixésemos facer.

Pero más allá del comentario de estos datos, este plan es preceptivo en aplicación de lo establecido en el artículo 7 de la Ley de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia, que atribuye esta competencia a los ayuntamientos, y es preceptivo también por el convenio de colaboración suscrito entre la Xunta de Galicia, la FEGAMP y el Seaga, al que se adhirió el Ayuntamiento de A Coruña. Por esa razón, el BNG va a votar favorablemente, pero aun así hay algunas consideraciones que quisiéramos hacer.

Non negamos a necesidade de que os concellos colaboren no exercicio das súas competencias, nos labores de prevención e defensa contra os incendios forestais. É importante nese sentido esixir aos propietarios de predios particulares que cumpran coas súas obrigas, exercendo todas as ferramentas das que dispón o Concello con tal fin, pero as competencias residen, sobre todo, na Xunta de Galiza e o primeiro que ten que facer a Xunta é asumir e exercer plenamente as súas competencias neste ámbito como noutros tantos ámbitos onde a Xunta non asume nin exerce na práctica as competencias que ten establecidas.

No negamos la necesidad de que los ayuntamientos colaboren en el ejercicio de sus competencias, en las labores de prevención y defensa contra los incendios forestales. Es importante en ese sentido exigir a los propietarios de fincas particulares que cumplan con sus deberes, ejerciendo todas las herramientas de las que dispone el Ayuntamiento con tal fin, pero las competencias residen, sobre todo, en la Xunta de Galicia y lo primero que tiene que hacer la Xunta es asumir y ejercer plenamente sus competencias en este ámbito como en otros tantos ámbitos donde la Xunta no asume ni ejerce en la práctica las competencias que tiene establecidas.

Pero, sobre todo, demandamos da Xunta de Galiza deseñar e impulsar políticas que ataquen as verdadeiras causas da proliferación de incendios, como son o despoboamento e abandono do campo ou como é a imposición dun modelo de monocultivo forestal, dende o noso punto de vista, total e absolutamente erróneo. Erróneo non só porque ataque á biodiversidade característica do monte galego, senón que atenta tamén contra o carácter multifuncional que debe de ter o monte.

Pero, sobre todo, demandamos de la Xunta de Galicia diseñar e impulsar políticas que ataquen las verdaderas causas de la proliferación de incendios, como son la despoblación y abandono del campo o como es la imposición de un modelo de monocultivo forestal, desde nuestro punto de vista, total y absolutamente erróneo. Erróneo no sólo porque ataque a la biodiversidad característica del monte gallego, sino que atenta también contra el carácter multifuncional que debe de tener el

Porque o monte non debe de ser só unha fonte de recursos de madeira; é importante favorecer a súa coexistencia con outros aproveitamentos produtivos que, ademais, favorecen manter o monte limpo e, polo tanto, menos propenso ó lume, máis, á parte do aproveitamento económico, o monte debe de ser un espazo de gozo e lecer e ter un valor ambiental e paisaxístico de primeira orde que é preciso protexer, algo que é incompatíbel co modelo de converter Galiza nun inmenso eucaliptal ó servizo dunha empresa que se chama Ence.

monte. Porque el monte no debe de ser sólo una fuente de recursos de madera; es importante favorecer su coexistencia con otros aprovechamientos productivos que, además, favorecen mantener el monte limpio y, por lo tanto, menos propenso al fuego, además, aparte del aprovechamiento económico, el monte debe de ser un espacio de gozo y ocio y tener un valor ambiental y paisajístico de primer orden que es preciso proteger, algo que es incompatible con el modelo de convertir Galicia en un inmenso eucaliptal al servicio de una empresa que se llama Ence.

Mais, en calquera caso, reiteramos o noso voto favorábel a este plan. Moitas grazas.

Pero, en cualquier caso, reiteramos nuestro voto favorable a este plan. Muchas gracias.

Ás doce horas e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las doce horas y tres minutos sale del Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

Por la Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Señora García Gómez

Si, moi bo día a todas as persoas que están aquí no Salón de Plenos e tamén ás que nos escoitan polo "streaming".

Sí, muy buen día a todas las personas que están aquí en el Salón de Plenos y también a las que nos escuchan en directo.

Antes de entrar en materia, gustaríame agradecerlle ó voceiro do Partido Socialista, pois, a súa satisfacción sobre ese traballo colaborativo na modificación da Ordenanza do lixo, satisfacción que fago extensiva a todo o Grupo municipal, pois é todo o Grupo municipal da Marea Atlántica, o que creo que está tendo unha actitude positiva, propositiva, colaborativa, creativa e de iniciativa política, non? E tamén é todo o Grupo municipal da

Antes de entrar en materia, me gustaría agradecerle al portavoz del Partido Socialista, pues, su satisfacción sobre ese trabajo colaborativo en la modificación de la Ordenanza de la basura, satisfacción que hago extensiva a todo el Grupo municipal, pues es todo el Grupo municipal de la Marea Atlántica, el que creo que está teniendo una actitud positiva, propositiva, colaborativa, creativa y de iniciativa política, ¿no? Y también es todo el Grupo municipal de la

Marea Atlántica quen pode sentir certa decepción cando non se recoñece, eu creo que esa actitude positiva e construtiva que creo que a estamos tendo de maneira efectiva.

Marea Atlántica quien puede sentir cierta decepción cuando no se reconoce, yo creo que esa actitud positiva y constructiva que creo que la estamos teniendo de manera efectiva.

Dito isto, a aprobación inicial do Plan de incendios forestais é... ía someterse simplemente a unha aprobación sen intervencións, e eu creo que os incendios forestais nunca deben considerarse unha cuestión de trámite e si un asunto do que hai que falar, hai que falar e hai que debater, e máis, pois ben, pois tendo na bancada de en fronte ó partido que, efectivamente, dende a Xunta ostenta as competencias en materia forestal que lle fan, pois, responsable deste sector, e ademais persoas que tiveron, pois, responsabilidade –como todos sabemos – na Consellería de Medio Ambiente, non?

Dicho esto, la aprobación inicial del Plan de incendios forestales es... se iba a someter simplemente a una aprobación sin intervenciones, y yo creo que los incendios forestales nunca deben considerarse una cuestión de trámite y sí un asunto del que hay que hablar, hay que hablar y hay que debatir, y más, pues bien, pues teniendo en la bancada de enfrente al partido que, efectivamente, desde la Xunta ostenta las competencias en materia forestal que le hacen, pues, responsable de este sector, y además personas que tuvieron, pues, responsabilidad –como todos sabemos – en la Consellería de Medio Ambiente, ¿no?

Hai que falar dos incendios forestais e hai que falar de que os incendios forestais están cambiando de comportamento e agora resulta que, cada vez menos lumes queiman maiores superficies de terreo, non? Se en 1989 se necesitaban meses para que ardesen 100.000 hectáreas ou centos de milleiros de hectáreas, en 2006 pasaron a ser 6 días, e en 2017 arderon máis de 100.000 hectáreas en menos de un día. Os incendios estanse facendo absolutamente imposibles de apagar por medios humanos, están gañando en rapidez e están gañando tamén en vítimas humanas, xa non só en territorio, e isto ten que ver co cambio climático e co desenvolvemento ou desmantelamento, máis ben, do rural, ou sexa que a previsión de futuro non é boa.

Hay que hablar de los incendios forestales y hay que hablar de que los incendios forestales están cambiando de comportamiento y ahora resulta que, cada vez menos fuegos queman mayores superficies de terreno, ¿no? Si en 1989 se necesitaban meses para que ardieran 100.000 hectáreas o cientos de millares de hectáreas, en 2006 pasaron a ser 6 días, y en 2017 ardieron más de 100.000 hectáreas en menos de un día. Los incendios se están haciendo absolutamente imposibles de apagar por medios humanos, están ganando en rapidez y están ganando también en víctimas humanas, ya no sólo en territorio, y esto tiene que ver con el cambio climático y con el desarrollo o desmantelamiento, más bien, del rural, o sea que la previsión de futuro no es buena.

Ás doce horas e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Villoslada.

A las doce horas y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Villoslada.

Dende o Concello da Coruña tomámonos en serio este tema, incrementáronse, multiplicáronse por 3 o número de expedientes que se iniciaban para rozar parcelas; iniciáronse os procesos de deseucaliptización das parcelas municipais; tamén a denuncia dos eucaliptos ilegais que non cumprían as distancias das casas e iniciouse unha relación fluída e colaborativa co distrito forestal da Xunta de Galicia porque nos tomamos este tema en serio. A min gustaríame saber se a Xunta se toma este tema en serio. E realmente, ademais de elaborar un plan de prevención de incendios —que en realidade é unha relación de parcelas, de predios, que hai que requirir, e non é máis, quero dicir, o Plan de prevención de incendios é unha relación de parcelas ás que o Concello lles ten que requirir a roza da biomasa cun enorme esforzo administrativo— eu pregúntome se a Xunta vai facer algo máis. Eu pregúntome se a Xunta vai atender as súas responsabilidades, porque eles, por exemplo, son responsables de atender as faixas primarias, é dicir, as das vías de comunicación. E están como están. Eu preguntaríame se a Xunta se vai dedicar por fin a denunciar as plantacións ilegais de eucaliptos que se están poñendo en prados e en terreos agrícolas, onde está prohibido plantar eucaliptos e, de oficio, non se inicia nin a primeira denuncia. Pregúntome se a Xunta se vai preocupar diso. Pregúntome se a Xunta se vai preocupar, tamén, de poñerlle coto á expansión dunha especie absolutamente pirófita e que está xerando mares de combustible que van ser moi difíciles de apagar cando teñamos un verán de seca. Pregúntome se a Xunta vai facer como fixo Portugal e vai limitar a expansión do eucalipto ou vai seguir indo na dirección contraria, instalando inmensas

Desde el Ayuntamiento de A Coruña nos tomamos en serio este tema, se incrementaron, se multiplicó por 3 el número de expedientes que se iniciaban para rozar parcelas; se iniciaron los procesos de deseucaliptización de las parcelas municipales; también la denuncia de los eucaliptos ilegales que no cumplían las distancias de las casas y se inició una relación fluida y colaborativa con el distrito forestal de la Xunta de Galicia porque nos tomamos este tema en serio. A mí me gustaría saber si la Xunta se toma este tema en serio. Y realmente, además de elaborar un plan de prevención de incendios —que en realidad es una relación de parcelas, de fincas, que hay que requerir, y no es más, quiero decir, el Plan de prevención de incendios es una relación de parcelas a las que el Ayuntamiento les tiene que requerir el desbroce de la biomasa con un enorme esfuerzo administrativo— yo me pregunto si la Xunta va a hacer algo más. Yo me pregunto si la Xunta va a atender sus responsabilidades, porque ellos, por ejemplo, son responsables de atender las fajas primarias, es decir, las de las vías de comunicación. Y están como están. Yo me preguntaría si la Xunta se va a dedicar por fin a denunciar las plantaciones ilegales de eucaliptos que se están poniendo en prados y en terrenos agrícolas, donde está prohibido plantar eucaliptos y, de oficio, no se inicia ni la primera denuncia. Me pregunto si la Xunta se va a preocupar de eso. Me pregunto si la Xunta se va a preocupar, también, de ponerle coto a la expansión de una especie absolutamente pirófita y que está generando mares de combustible que van a ser muy difíciles de apagar cuando tengamos un verano de sequía. Me pregunto si la Xunta va a hacer como hizo Portugal y va a limitar la expansión del eucalipto o va a seguir yendo en la dirección contraria, instalando inmensas centrales de

centrais de biomasa, que van ser auténticos sumidoiros para o eucalipto, e acaparando todo ese eucalipto que vén de Portugal e que agora xa non se pode plantar alí.

biomasa, que van a ser auténticas alcantarillas para el eucalipto, y acaparando todo ese eucalipto que viene de Portugal y que ahora ya no se puede plantar allí.

Ás doce horas e seis minutos sae do Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso e entra o señor Deus Álvarez.

A las doce horas y seis minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso y entra el señor Deus Álvarez.

Por suposto que hai que falar de incendios forestais. Por favor, nunca o tratemos como unha cuestión de trámite, pero hai que falar e hai que facer, e estamos esperando a que a Xunta dea os pasos, por fin, na dirección axeitada.

Por supuesto que hay que hablar de incendios forestales. Por favor, nunca lo tratemos como una cuestión de trámite, pero hay que hablar y hay que hacer, y estamos esperando a que la Xunta dé los pasos, por fin, en la dirección idónea.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Muchas gracias, señora García.

Polo Partido Popular, señor Rodríguez Martínez.

Por el Partido Popular, señor Rodríguez Martínez.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Si, grazas, señora Alcaldesa.

Sí, gracias, señora Alcaldesa.

Bo día aos compañeiros de Corporación, traballadores municipais, medios de comunicación que nos seguen e tamén, por suposto, á cidadanía que, ou ben asiste aquí no Pleno, ou nos segue a través das redes sociais.

Buen día a los compañeros de Corporación, trabajadores municipales, medios de comunicación que nos siguen y también, por supuesto, a la ciudadanía que, o bien asiste aquí en el Pleno, o nos sigue a través de las redes sociales.

Hai unha diferenza esencial entre facer política contra o lume e facer política do lume, e vimos de ter un clarísimo exemplo hoxe aquí. Parece ser, señora Fontán, que eu son o único que atendeu ó que vostede dixo e que veño coa intención de falar do que hai que falar, pero... que é, por certo, do ámbito das competencias municipais. A ver, claro, aquí hai cuestións que... que xa son...

Hay una diferencia esencial entre hacer política contra el fuego y hacer política del fuego, y acabamos de tener un clarísimo ejemplo hoy aquí. Parece ser, señora Fontán, que yo soy el único que atendió a lo que usted dijo y que vengo con la intención de hablar de lo que hay que hablar, pero... que es, por cierto, del ámbito de las competencias municipales. A ver, claro, aquí hay cuestiones que...

son de base, é dicir, pois, señora García, claro, é que eu agora me explico parte do desastre que foi a súa xestión nos anteriores catro anos. É que, claro, se vostede para falar de incendios forestais chamaba a Consellería de Medio Ambiente, que non ten competencias na materia, pois claro, ó mellor aí, pois, había unha certa explicación de por que foi o que foi a súa área nestes últimos catro anos.

que ya son... son de base, es decir, pues, señora García, claro, es que yo ahora me explico parte del desastre que fue su gestión en los anteriores cuatro años. Es que, claro, si usted para hablar de incendios forestales llamaba a la Consellería de Medio Ambiente, que no tiene competencias en la materia, pues claro, a lo mejor ahí, pues, había una cierta explicación de por qué fue lo que fue su área en estos últimos cuatro años.

Insisto, a miña intención é falar das competencias municipais e deste plan, que é un plan importante, pero tamén hai que ter en conta, pois outras cousas que aquí se dixeron e que foron certamente incorrectas. É dicir, traer aquí a colación determinados episodios de vagas de lumes e intentar relacionalos con presuntos despidos que non foron tal, senón que foron remates de contratación que foron prorrogados, porque nos últimos anos esa realidade co cambio climático —que ten demostrado que cada vez se prolonga a tempada de posibles episodios de lumes— pois, ben, pois, en fin. Queremos xogar ó que queremos xogar ou queremos falar das competencias municipais?

Insisto, mi intención es hablar de las competencias municipales y de este plan, que es un plan importante, pero también hay que tener en cuenta, pues otras cosas que aquí se dijeron y que fueron ciertamente incorrectas. Es decir, traer aquí a colación determinados episodios de olas de incendios e intentar relacionarlos con presuntos despidos que no fueron tal, sino que fueron finalizaciones de contratación que fueron prorrogados, porque en los últimos años esa realidad con el cambio climático — que ha demostrado que cada vez se prolonga la temporada de posibles episodios de fuegos— pues, bien, pues, en fin ¿Queremos jugar a lo que queremos jugar o queremos hablar de las competencias municipales?

Segundo a Lei 3/2007, como ben dixo na súa exposición a señora Fontán, pois está claramente establecida cal é a competencia que corresponde aos concellos, que é elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade así como ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e faixas laterais das redes

Según la Ley 3/2007, como bien dijo en su exposición la señora Fontán, pues está claramente establecida cuál es la competencia que corresponde a los ayuntamientos, que es elaborar y aprobar los planes municipales de prevención y defensa contra los incendios forestales y adoptar las medidas de prevención de incendios forestales que les correspondan en terrenos de su titularidad así como ordenar la ejecución de las obras necesarias para conservar y mantener el suelo y la biomasa en las condiciones precisas que eviten los incendios y, en particular, gestionar las redes secundarias de fajas de gestión de

viarias da súa titularidade. Faixas secundarias, efectivamente. Aquí ninguén vén a negar que as faixas primarias e tamén as terciarias, por certo, son competencia da Xunta de Galicia. Pero do que estamos a falar aquí é do que está a facer a Xunta no exercicio de competencias municipais e, por iso, ese convenio, ó que tamén aludiu a señora Fontán, entre Xunta, FEGAMP e Seaga, ó que está adherido este Concello, é o que permite que acceda a diferentes servizos segundo o nivel de prioridade establecido atendendo a criterios subxectivos.

biomasa y fajas laterales de las redes viarias de su titularidad. Fajas secundarias, efectivamente. Aquí nadie viene a negar que las fajas primarias y también las terciarias, por cierto, son competencia de la Xunta de Galicia. Pero de lo que estamos hablando aquí es de lo que está haciendo la Xunta en el ejercicio de competencias municipales y, por eso, ese convenio, al que también aludió la señora Fontán, entre Xunta, FEGAMP y Seaga, al que está adherido este Ayuntamiento, es lo que permite que acceda a diferentes servicios según el nivel de prioridad establecido atendiendo a criterios subjetivos.

Atendendo a eses criterios hai 70 parroquias en 35 concellos na nosa comunidade que teñen esa prioridade. Entre elas está a parroquia de Visma no noso Concello e, por iso ese sistema público que se crea a través dese convenio é o que vai permitir poder entrar a eses terreos e proceder a limpalos por un prezo fixo, axustado e vantaxoso respecto do que son as condicións de mercado para eses traballos.

Atendiendo a esos criterios hay 70 parroquias en 35 ayuntamientos en nuestra comunidad que tienen esa prioridad. Entre ellas está la parroquia de Visma en nuestro Ayuntamiento y, por eso ese sistema público que se crea a través de ese convenio es lo que va a permitir poder entrar a esos terrenos y proceder a limpiarlos por un precio fijo, ajustado y ventajoso respecto de lo que son las condiciones de mercado para esos trabajos.

Esta colaboración técnica e económica pois ten, como se traduce en... pois por exemplo, na facilitación dun manual básico de procedemento de accións a desenvolver, na facilitación dunha plataforma para a xestión da biomasa, no apoio na elaboración deste plan ou nun visor de franxas elaborado a través dos sistemas cartográficos do IET que permiten visualizar as parcelas que están nas franxas de protección. Polo tanto, axuda técnica, apoio técnico e económico aos concellos adheridos ó convenio.

Esta colaboración técnica y económica pues tiene, como se traduce en... pues por ejemplo, en la facilitación de un manual básico de procedimiento de acciones a desarrollar, en la facilitación de una plataforma para la gestión de la biomasa, en el apoyo en la elaboración de este plan o en un visor de franjas elaborado a través de los sistemas cartográficos del IET que permiten visualizar las parcelas que están en las franjas de protección. Por lo tanto, ayuda técnica, apoyo técnico y económico a los ayuntamientos adheridos al convenio.

Pero é que ademais, vostedes veñen aquí a negar unha realidade, que é que estamos traballando, que se está a

Pero es que además, ustedes vienen aquí a negar una realidad, que es que estamos trabajando, que se está colaborando

colaborar dende a Xunta en competencias dos concellos, e están en contra dunha instrución do ano xa 2018 que explicaba cales eran estas competencias en materia das obrigas de xestión da biomasa, que é do que estamos a falar hoxe, nas franxas secundarias, na que claramente se di que os concellos son as administracións competentes para vixiar o cumprimento das franxas de protección contra o lume, que serán os concellos os competentes para proceder á execución forzosa dos traballos e que a Xunta será competente para vixiar o cumprimento nas franxas de protección en torno ás vías de comunicación.

desde la Xunta en competencias de los ayuntamientos, y están en contra de una instrucción del año ya 2018 que explicaba cuáles eran estas competencias en materia de las obligaciones de gestión de la biomasa, que es de lo que estamos hablando hoy, en las franjas secundarias, en la que claramente se dice que los ayuntamientos son las administraciones competentes para vigilar el cumplimiento de las franjas de protección contra el fuego, que serán los ayuntamientos los competentes para proceder a la ejecución forzosa de los trabajos y que la Xunta será competente para vigilar el cumplimiento en las franjas de protección en torno a las vías de comunicación.

Pero o que veñen vostedes a negar é incluso á propia FEGAMP, porque a FEGAMP —e así o recoñeceu na primeira addenda a ese convenio— veu a establecer importes de achega por parte dos propios concellos, porque é unha competencia propia con cargo a un fondo que se crea no Fondo de Cooperación Local, e que incrementa a dotación económica total do convenio, aínda que así é a dobre a que pon a Xunta sobre a que poñen os propios concellos.

Pero lo que vienen ustedes a negar es incluso a la propia FEGAMP, porque la FEGAMP —y así lo reconoció en la primera adenda a ese convenio— vino a establecer importes de aportación por parte de los propios ayuntamientos, porque es una competencia propia con cargo a un fondo que se crea en el Fondo de Cooperación Local, y que incrementa la dotación económica total del convenio, aunque aun así es doble la que pone la Xunta sobre la que ponen los propios ayuntamientos.

Pero non me gustaría —a pesar de terme dedicado a dar estas explicacións— deixar de falar, efectivamente, deste plan. Este plan, que hoxe se somete a aprobación inicial á espera das posibles alegacións que se poidan facer ó mesmo, da súa aprobación por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte –aí é onde había que chamar, señora García – pois certamente é un documento que si que merece unha serie de reflexións. A primeira: ben, pois que é un documento que aínda que parte dun contido mínimo que facilita a Xunta de Galicia, chama a atención, ben, pola súa extensión,

Pero no me gustaría —a pesar de haberme dedicado a dar estas explicaciones— dejar de hablar, efectivamente, de este plan. Este plan, que hoy se somete a aprobación inicial a la espera de las posibles alegaciones que se puedan hacer al mismo, de su aprobación por parte de la Dirección General de Defensa del Monte —ahí es donde había que llamar, señora García— pues ciertamente es un documento que sí que merece una serie de reflexiones. La primera: bien, pues que es un documento que aunque parte de un contenido mínimo que facilita la Xunta de Galicia, llama la atención, bien, por su extensión,

porque é ata 6 veces inferior esa extensión á doutros plans municipais de cidades como a nosa. Isto en si mesmo non quere dicir nada, pero o que si que hai son certas omisións que son rechamantes, por exemplo, que non inclúa un capítulo sobre o índice de dificultade de extinción identificando as zonas onde se debe prestar atención para a mellora das infraestruturas —tanto puntos de auga como, fundamentalmente, vías de acceso— nin tampouco inclúe actuacións previstas para prevención de incendios, nin sobre o territorio nin sobre as persoas. Aquí temos unha zona moi delicada que é a zona de Nostián, e non me refiro nin á presenza da planta nin tampouco á presenza de determinada actividade industrial, senón porque ten un moi complicado acceso a nivel de emerxencia para este tipo de casos. Nin tampouco contempla un capítulo para os medios de prevención cos que se conta de cara á posible extinción nin tampouco unha regulación dos usos que poidan dar lugar a lumes forestais. Non vén acompañado dun informe da Intervención municipal, que podería ser ou non preceptivo, en función do compromiso económico, pero que sen dúbida sería necesario para a correcta formación da vontade corporativa como sinala, o secretario xeral no seu informe.

porque es hasta 6 veces inferior esa extensión a la de otros planes municipales de ciudades como la nuestra. Esto en sí mismo no quiere decir nada, pero lo que sí que hay son ciertas omisiones que son llamativas, por ejemplo, que no incluya un capítulo sobre el índice de dificultad de extinción identificando las zonas donde se debe prestar atención para la mejora de las infraestructuras —tanto puntos de agua como, fundamentalmente, vías de acceso— ni tampoco incluye actuaciones previstas para prevención de incendios, ni sobre el territorio ni sobre las personas. Aquí tenemos una zona muy delicada que es la zona de Nostián, y no me refiero ni a la presencia de la planta ni tampoco a la presencia de determinada actividad industrial, sino porque tiene un muy complicado acceso a nivel de emergencia para este tipo de casos. Ni tampoco contempla un capítulo para los medios de prevención con los que se cuenta de cara a la posible extinción ni tampoco una regulación de los usos que puedan dar lugar a fuegos forestales. No viene acompañado de un informe de la Intervención municipal, que podría ser o no preceptivo, en función del compromiso económico, pero que sin duda sería necesario para la correcta formación de la voluntad corporativa, como señala el secretario general en su informe.

Ás doce horas e doce minutos entra no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.

A las doce horas y doce minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.

Tampouco se menciona nada da documentación facilitada sobre un posible proceso de participación pública seguido na súa elaboración, ferramenta fundamental no desenvolvemento de calquera clase de planificación pública. Non inclúe dentro da caracterización do medio natural e especialmente no capítulo relativo a climatoloxía,

Tampoco se menciona nada de la documentación facilitada sobre un posible proceso de participación pública seguido en su elaboración, herramienta fundamental en el desarrollo de cualquier clase de planificación pública. No incluye dentro de la caracterización del medio natural y especialmente en el capítulo relativo a climatología, ninguna

ningunha referencia á incidencia do cambio climático en relación á posible anticipación na evolución do risco de incendio.

referencia a la incidencia del cambio climático en relación a la posible anticipación en la evolución del riesgo de incendio.

E por último, e xa remato, non ten que ver estritamente co plan, pero si entendemos necesario facer dúas reflexións. A primeira é que o plan se integrará no Plan Municipal de Emerxencias. Isto non é unha competencia da Concellaría de Medio Ambiente, pero si é oportuno lembrar que o último plan de emerxencias homologado nesta cidade data do ano 2000. É certo que houbo unha actualización posterior impulsada polo Goberno do PP, rematada no ano 2015, e que é coa que actualmente se está a traballar, pero que segue sen ser, catro anos despois, elevada á Xunta de Galicia para a súa validación polo departamento correspondente.

Y por último, y ya finalizo, no tiene que ver estrictamente con el plan, pero sí entendemos necesario hacer dos reflexiones. La primera es que el plan se integrará en el Plan Municipal de Emergencias. Esto no es una competencia de la Concejalía de Medio Ambiente, pero sí es oportuno recordar que el último plan de emergencias homologado en esta ciudad data del año 2000. Es cierto que hubo una actualización posterior impulsada por el Gobierno del PP, finalizada en el año 2015, y que es con la que actualmente se está trabajando, pero que sigue sin ser, cuatro años después, elevada a la Xunta de Galicia para su validación por el departamento correspondiente.

E por último, efectivamente, aquí hai xente que tivo responsabilidades na Concellaría de Medio Ambiente, por iso temos unha especial sensibilidade sobre isto que vou comentar. Este plan redáctase en cumprimento dunha obriga legal, pero non é a única obriga legal que temos pendente nesta materia. A Lei 10/2001, de 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional, no seu artigo 27 dispón que as administracións responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun plan de emerxencia ante situacións de seca que deberá ser informado polo organismo de cunca correspondente.

Y por último, efectivamente, aquí hay gente que tuvo responsabilidades en la Concejalía de Medio Ambiente, por eso tenemos una especial sensibilidad sobre esto que voy a comentar. Este plan se redacta en cumplimiento de una obligación legal, pero no es la única obligación legal que tenemos pendiente en esta materia. La Ley 10/2001, de 5 de julio, del plan hidrológico nacional, en su artículo 27 dispone que las administraciones responsables de sistemas de abastecimiento urbano que atiendan a una población igual o superior a 20.000 habitantes deberán disponer de un plan de emergencia ante situaciones de sequía que deberá ser informado por el organismo de cuenca correspondiente.

É certo que co que se desencadeou hai apenas uns minutos, non?, co que está a chover esta semana, parece que non é o máis axeitado falar de prever eventos de seca, pero neste caso créanme que, por

Es cierto que con lo que se desencadenó hace apenas unos minutos, ¿no?, con lo que está lloviendo esta semana, parece que no es lo más apropiado hablar de prever eventos de sequía, pero en este

experiencia, teño que dicirlles que é mellor non ter que esperar a lembrarse de Santa Bárbara, neste caso, cando deixe de tronar.

caso créanme que, por experiencia, tengo que decirles que es mejor no tener que esperar a acordarse de Santa Bárbara, en este caso, cuando deje de tronar.

Máis nada e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Señora Fontán, última quenda.

Señora Fontán, último turno.

Señora Fontán Prado

Señora Fontán Prado

Grazas, señora Alcaldesa.

Gracias, señora Alcaldesa.

Ben pouco que dicir porque moitas das intervencións son redundantes. Agradecer a Cidadáns a referencia que fixo a un concello gobernado polo Partido Socialista porque reflicte o sentir e a forma de facer política medioambiental e o respecto pola biodiversidade que temos os socialistas. Agradecer tamén o apoio manifestado a este plan.

Bien poco que decir porque muchas de las intervenciones son redundantes. Agradecer a Ciudadanos la referencia que hizo a un ayuntamiento gobernado por el Partido Socialista porque refleja el sentir y la forma de hacer política medioambiental y el respeto por la biodiversidad que tenemos los socialistas. Agradecer también el apoyo manifestado a este plan.

Totalmente de acordo con vostede, señor Jorquera, nada que engadir a todo o que dixo na súa intervención.

Totalmente de acuerdo con usted, señor Jorquera, nada que añadir a todo lo que dijo en su intervención.

Tampouco moito máis que engadir ó que dixo a señora García da Marea, e sobre a súa intervención, señor Rodríguez, esas características técnicas que vostede bota en falla no plan que vén hoxe a Pleno poden ser engadidas ou subsanadas a través dos 30 días que temos agora para suxestións e alegacións. Porque, mire, os técnicos da Concellaría de Medio Ambiente son uns técnicos magníficos pero ninguén é perfecto, polo tanto, cando alguén trae un documento aquí pois precisamente é para ver se se pode mellorar na súa redacción.

Tampoco mucho más que añadir a lo que dijo la señora García de la Marea, y sobre su intervención, señor Rodríguez, esas características técnicas que usted echa en falta en el plan que viene hoy a Pleno pueden ser añadidas o subsanadas a través de los 30 días que tenemos ahora para sugerencias y alegaciones. Porque, mire, los técnicos de la Concejalía de Medio Ambiente son unos técnicos magníficos pero nadie es perfecto, por lo tanto, cuando alguien trae un documento aquí pues precisamente es para ver si se puede mejorar en su redacción.

No que comenta do Plan de

En lo que comenta del Plan de

Emerxencia, xa tamén o dixo vostede, é unha esixencia do propio Plan de Incendios, formar parte dese Plan de Emerxencia Municipal, algo que non compete loxicamente á Concellaría de Medio Ambiente, e no que fala de que bota tamén en falla un plan de emerxencia para épocas de seca, aínda que hoxe non sexa o día máis oportuno para sacalo aquí, tomo nota e valorarémolo na Concellaría de Medio Ambiente.

Emergencia, ya también lo dijo usted, es una exigencia del propio Plan de Incendios, formar parte de ese Plan de Emergencia Municipal, algo que no compete lógicamente a la Concejalía de Medio Ambiente, y en lo que habla de que echa también en falta un plan de emergencia para épocas de sequía, aunque hoy no sea el día más oportuno para sacarlo aquí, tomo nota y lo valoraremos en la Concejalía de Medio Ambiente.

Nada máis, señora Alcaldesa. Grazas.

Nada más, señora Alcaldesa. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Muchas gracias, señora Fontán.

Procedemos á votación do asunto.

Procedemos a la votación del asunto.

Votación do asunto número vinte

Votación del asunto número veinte

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número vinte referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número veinte referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal Mixto de Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota a favor el Grupo Municipal Mixto de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Acordos

Acuerdos

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan

Primero.- Aprobar inicialmente el Plan

Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña.

Segundo.- Someter o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña ó trámite de información pública por un prazo de trinta días, contado a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que os interesados poidan formular as correspondentes alegacións e suxestións.

O documento do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña estará dispoñible en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa da Auga, 5ª planta, e en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

Terceiro.- Someter o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ó informe preceptivo da Dirección Xeral competente en materia forestal.

II – PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:

158.- **Toma de coñecemento:**

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número doce mil seiscentos un (12.601), de 24 de setembro de 2019, á número catorce mil cen (14.100), de 23 de outubro de 2019.

- E dos decretos da Alcaldía, desde o

Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña.

Segundo.- Someter el Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña al trámite de información pública por un plazo de treinta días, contado a partir del día siguiente al de la publicación del correspondiente anuncio en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, a fin de que los interesados puedan formular las correspondientes alegaciones y sugerencias.

El documento del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña estará disponible en formato papel en las oficinas de Medio Ambiente, sitas en la calle Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa del agua, 5ª planta, y en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente.

Tercero.- Someter el Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña, con carácter previo a su aprobación definitiva, al informe preceptivo de la Dirección General competente en materia forestal.

II – PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE La GESTIÓN:

158.- Toma de conocimiento:

- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número doce mil seiscientos uno (12.601), de 24 de septiembre de 2019, a la número catorce mil cien (14.100), de 23 de octubre de 2019.

- Y de los decretos de la Alcaldía, desde

número cinco mil catrocentos un (5.401), de 19 de setembro de 2019, ó número seis mil trescentos (6.300), de 22 de outubro de 2019.

el número cinco mil cuatrocientos uno (5.401), de 19 de septiembre de 2019, al número seis mil trescientos (6.300), de 22 de octubre de 2019.

2º.- Mocións

2º.- Mociones

Ás doce horas e dezaoito minutos saen do Salón de Sesións o señor Martínez Durán e as señoras Delso Carreira, García Gómez, Peñalosa López-Pin e Mato Otero.

A las doce horas y dieciocho minutos salen del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán y las señoras Delso Carreira, García Gómez, Peñalosa López-Pin y Mato Otero.

Presidencia

Presidencia

Moi ben, moitas grazas, señor Secretario.

Muy bien, muchas gracias, señor Secretario.

Comezamos o debate das mocións. Teoricamente temos a actualización das emendas. Tratarei de non trabucarme con elas.

Comenzamos el debate de las mociones. Teóricamente tenemos la actualización de las enmiendas. Trataré de no confundirme con ellas.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MIXTO CIDADÁNS– PARTIDO DA CIDADANÍA

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MIXTO CIUDADANOS– PARTIDO DE LA CIUDADANÍA

Primeira.- Moción para garantir a seguridade viaria nos pasos de peóns.

Primera.- Moción para garantizar la seguridad viaria en los pasos de cebra.

Presidencia

Presidencia

A primeira moción do Grupo Municipal Mixto Cidadáns: moción para garantir a seguridade viaria. Hai unha emenda de adición da Marea Atlántica. Correcto. Si, ben, pois seguindo a tónica habitual comezará a voceira propoñente manifestando se acepta ou non a emenda de cara á votación posterior.

La primera moción del Grupo Municipal Mixto Ciudadanos: moción para garantizar la seguridad vial. Hay una enmienda de adición de la Marea Atlántica. Correcto. Sí, bien, pues siguiendo la tónica habitual comenzará la portavoz proponente manifestando si acepta o no la enmienda de cara a la votación posterior.

Tres minutos, señora Martínez.

Tres minutos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Si, aceptamos a emenda, así que pasarei xa a ler os puntos despois cos propostos pola nosa moción.

Sí, aceptamos la enmienda, así que pasaré ya a leer los puntos después con los propuestos por nuestra moción.

Ás doce horas e vinte e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Peñalosa López-Pin.

A seguridade viaria é un punto vital no día a día dos nosos veciños e como tal, é deber da Administración local adoptar as medidas adecuadas á súa mellora.

A Coruña conta con 3.018 pasos de peóns. Nos primeiros sete meses do ano producíronse 518 accidentes, dos cales 128 foron en pasos de peóns. Isto supón un 29,38%, 24 veciños resultaron feridos nalgúns deles.

A principios do mes pasado, coa aparición das choivas, a cifra incrementouse por culpa dos esvaróns.

Ás doce horas e vinte e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora Delso Carreira.

É evidente que o código de circulación actual quedou obsoleto. É obriga inescusable do Goberno municipal adoptar as medidas que leven a unha actualización na busca da máxima seguridade dos viandantes.

No noso país hai múltiples empresas que aplican novos métodos co obxectivo de mellorar a súa competitividade en base ó seu I+D. Entre elas temos algunhas dedicadas ó pintado das vías públicas tanto urbanas como interurbanas. As novas tecnoloxías permítennos levar a cabo proxectos de xeito máis eficiente e a seguridade viaria é un exemplo deles, na medida en que repercute na seguridade dos nosos veciños.

Hoxe en día dispoñemos de sinais luminosos tipo led de baixo consumo e excelentes resultados, así como imaxes

A las doce horas y veintiún minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Peñalosa López-Pin.

La seguridad vial es un punto vital en el día a día de nuestros vecinos y como tal, es deber de la Administración local adoptar las medidas adecuadas a su mejora.

A Coruña cuenta con 3.018 pasos de cebra. En los primeros siete meses del año se produjeron 518 accidentes, de los cuales 128 fueron en pasos de cebra. Esto supone un 29,38%, 24 vecinos resultaron heridos en algunos de ellos.

A principios del mes pasado, con la aparición de las lluvias, la cifra se incrementó por culpa de los resbalones.

A las doce horas y veintidós minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Delso Carreira.

Es evidente que el código de circulación actual quedó obsoleto. Es deber inexcusable del Gobierno municipal adoptar las medidas que lleven a una actualización en la búsqueda de la máxima seguridad de los viandantes.

En nuestro país hay múltiples empresas que aplican nuevos métodos con el objetivo de mejorar su competitividad en base a su I+D. Entre ellas tenemos algunas dedicadas al pintado de las vías públicas tanto urbanas como interurbanas. Las nuevas tecnologías nos permiten llevar a cabo proyectos de manera más eficiente y la seguridad vial es un ejemplo de ellos, en la medida en que repercute en la seguridad de nuestros vecinos.

Hoy en día disponemos de señales luminosas tipo led de bajo consumo y excelentes resultados, así como imágenes

virtuais proxectadas con láser. Seguramente, por separado, ningunha delas daría o rendemento que é preciso para optimizar a seguridade viaria, por iso debería ir máis aló e crear un proxecto xeneroso e actualizado ó século XXI na busca da máxima seguridade nas vías de circulación do noso municipio, tanto para peóns como para condutores.

virtuales proyectadas con láser. Seguramente, por separado, ninguna de ellas daría el rendimiento que es preciso para optimizar la seguridad vial, por eso debería ir más allá y crear un proyecto generoso y actualizado al siglo XXI en la búsqueda de la máxima seguridad en las vías de circulación de nuestro municipio, tanto para peones como para conductores.

A Coruña ten multitude de puntos negros relacionados cos pasos de peóns, destacando entre eles a rúa San Diego baixo o viaduto, avenida do Porto, o xardín de San Carlos, a rúa Ramón y Cajal..., datos sinalados no estudo de FISEGVI que estuda en profundidade a seguridade viaria.

A Coruña tiene multitud de puntos negros relacionados con los pasos de cebra, destacando entre ellos la calle San Diego bajo el viaducto, avenida de Oporto, el jardín de San Carlos, la calle Ramón y Cajal..., datos señalados en el estudio de FISEGVI que estudia en profundidad la seguridad vial.

Tendo presente todo o anterior, Cidadáns presenta ó Pleno ordinario os seguintes acordos:

Así que convido ó Goberno municipal a traballar nun programa destas características porque cremos que vale a pena e sería unha boa maneira tamén de traballar contra a soidade dos nosos maiores e das nosas maiores.

Así que invito al Gobierno municipal a trabajar en un programa de estas características porque creemos que vale la pena y sería una buena manera también de trabajar contra la soledad de nuestros mayores y de nuestras mayores.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Por la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

Si, evidentemente estamos de acordo co sentido da moción, con contar coa participación social de todos os cidadáns no deseño e posta en marcha das políticas públicas. Proba diso son todas as políticas de participación impulsadas no pasado mandato: puxemos en marcha o Consello Local de Igualdade, o Consello Local de Inclusión Social e o Consello Local de Saúde, entre outros.

Sí, evidentemente estamos de acuerdo con el sentido de la moción, con contar con la participación social de todos los ciudadanos en el diseño y puesta en marcha de las políticas públicas. Prueba de eso son todas las políticas de participación impulsadas en el pasado mandato: pusimos en marcha el Consejo Local de Igualdad, el Consejo Local de Inclusión Social y el Consejo Local de Salud, entre otros.

Os concellos, como institucións máis próximas aos cidadáns, temos a obriga de ser porosos, abertos, participativos no modo de facer e implementar as políticas, e temos que facelo garantindo a pluralidade, a diversidade e contando con todas e todos os veciños.

Los ayuntamientos, como instituciones más próximas a los ciudadanos, tenemos el deber de ser porosos, abiertos, participativos en el modo de hacer e implementar las políticas, y tenemos que hacerlo garantizando la pluralidad, la diversidad y contando con todas y todos los vecinos.

No pasado mandato fixemos un traballo específico para fomentar a participación infantil e da mocidade a través de distintos proxectos, pero tamén cos nosos maiores, dende o proxecto que traballou directamente cos maiores no marco do Laboratorio cidadá, do CoLab, ó grupo de traballo específico arredor da problemática da soidade, que está creado, e cuxo traballo debería continuar dentro do Consello Local de Saúde e ó que, por certo, pois, facemos mención na nosa emenda. Así como o

En el pasado mandato hicimos un trabajo específico para fomentar la participación infantil y de la juventud a través de distintos proyectos, pero también con nuestros mayores, desde el proyecto que trabajó directamente con los mayores en el marco del Laboratorio ciudadano, del CoLab, al grupo de trabajo específico alrededor de la problemática de la soledad, que está creado, y cuyo trabajo debería continuar dentro del Consejo Local de Salud y a lo que, por cierto, pues, hacemos mención en nuestra

traballo iniciado, tamén man a man, con todas as entidades para o Plan de inclusión e o Plan de saúde. Ademais, creamos distintos grupos de traballo específicos para afondar distintas cuestións urxentes, como a atención primaria ó senfogarismo, á saúde mental, coidados ou a de soidade xa mencionada.

enmienda. Así como el trabajo iniciado, también mano a mano, con todas las entidades para el Plan de inclusión y el Plan de salud. Además, creamos distintos grupos de trabajo específicos para ahondar distintas cuestiones urgentes, como la atención primaria al sinhogarismo, a la salud mental, cuidados o la de soledad ya mencionada.

Aproveitamos para lembrarlle ó Goberno que convoque o Consello de Saúde existente e o resto de consellos locais constituídos no pasado mandato.

Aprovechamos para recordarle al Gobierno que convoque el Consejo de Salud existente y el resto de consejos locales constituidos en el pasado mandato.

Así mesmo, lembrarlle de novo, tanto ó Goberno como ó Grupo de Cidadáns —xa o fai esta mañá algún medio de comunicación— que o servizo de teleasistencia xa é gratuíto. En 2018 atendeu a 1.624 persoas. Desgraciadamente, nas últimas semanas producíronse varias mortes na nosa cidade de persoas que vivían en situación de soidade non desexada, por iso é tan importante un programa como o programa de teleasistencia e, desgraciadamente, pois temos que denunciar o oportunismo que entendemos que hai no anuncio do Goberno, non? E lembrarlle, ben, pois as súas palabras, non?, cando gobernaba a Marea Atlántica, non?, e se dicía que gobernando o Partido Socialista nunca habería ningunha morte de persoas en soidade na nosa cidade e, desgraciadamente, pois iso non está sucedendo así. Así que temos que colocar entre todos os recursos ó servizo, pois, de todas as políticas que atendan a maiores.

Asimismo, recordarle de nuevo, tanto al Gobierno como al Grupo de Ciudadanos —ya lo hace esta mañana algún medio de comunicación— que el servicio de teleasistencia ya es gratuito. En 2018 atendió a 1.624 personas. Desgraciadamente, en las últimas semanas se produjeron varias muertes en nuestra ciudad de personas que vivían en situación de soledad no deseada, por eso es tan importante un programa como el programa de teleasistencia y, desgraciadamente, pues tenemos que denunciar el oportunismo que entendemos que hay en el anuncio del Gobierno, ¿no? Y recordarle, bien, pues sus palabras, ¿no?, cuando gobernaba la Marea Atlántica, ¿no?, y se decía que gobernando el Partido Socialista nunca habría ninguna muerte de personas en soledad en nuestra ciudad y, desgraciadamente, pues eso no está sucediendo así. Así que tenemos que colocar entre todos los recursos al servicio, pues, de todas las políticas que atiendan la mayores.

Nese sentido, cómpre de novo lembrar cousas que se fixeron no pasado mandato no noso traballo cos maiores: aumentamos un 14% os fondos para o servizo de axuda no fogar; sancionamos ás empresas que incumpriron, como

En ese sentido, hace falta de nuevo recordar cosas que se hicieron en el pasado mandato en nuestro trabajo con los mayores: aumentamos un 14% los fondos para el servicio de ayuda en el hogar; sancionamos a las empresas que

Clece; melloramos a organización da Oficina de Dependencia, fixémola máis eficiente, cun novo software para que as traballadoras poidan centrarse, efectivamente, no que teñen que centrarse, que é o traballo social; activamos tamén, puxemos en marcha, distintas modalidades de atención, como acompañamento e seguimento telefónico; puxemos en marcha o programa de respiro familiar para as familias coidadoras; reforzamos os programas que xa existían como o bonotaxi e o talón restaurante, nos que aumentamos os fondos; iniciamos tamén os trámites para a eliminación do copago no servizo de axuda ó fogar; e puxemos en marcha un programa pioneiro, como "Redeiras", que parece que o Goberno acaba de descubrir, non?, e que é un programa que nos alegra saber que van a continuar con el, que trata, precisamente, da prevención da soidade non desexada a través da creación dunha rede de apoio veciñal e de axentes sociais da cidade que pon o foco sobre as persoas maiores e as necesidades que teñen no seu día a día.

incumplieron, como Clece; mejoramos la organización de la Oficina de Dependencia, la hicimos más eficiente, con un nuevo software para que las trabajadoras puedan centrarse, efectivamente, en lo que tienen que centrarse, que es el trabajo social; activamos también, pusimos en marcha, distintas modalidades de atención, como acompañamiento y seguimiento telefónico; pusimos en marcha el programa de respiro familiar para las familias cuidadoras; reforzamos los programas que ya existían como el bonotaxi y el talón restaurante, en los que aumentamos los fondos; iniciamos también los trámites para la eliminación del copago en el servicio de ayuda al hogar; y pusimos en marcha un programa pionero, como "Redeiras", que parece que el Gobierno acaba de descubrir, ¿no?, y que es un programa que nos alegra saber que van a continuar con él, que trata, precisamente, de la prevención de la soledad no deseada a través de la creación de una red de apoyo vecinal y de agentes sociales de la ciudad que ponen el foco sobre las personas mayores y las necesidades que tienen en su día a día.

Ás trece horas e once minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

A las trece horas y once minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Dito isto, entendemos que o espírito da moción é estamos de acordo con el, pero tamén temos que dicir que non entendemos por que foi tan difícil, directamente imposible, consensuar co Grupo propoñente unha emenda de adición que, como dicía a compañeira Avia, a intención era enriquecer a moción e complementar o sentido da moción e nos apena, a verdade, a intransixencia mostrada polo Grupo de Cidadáns. A nosa emenda, pois ademais de instar a dar continuidade ó traballo no marco do Consello de Saúde, instaba

Dicho esto, entendemos que el espíritu de la moción es... estamos de acuerdo con él, pero también tenemos que decir que no entendemos por qué fue tan difícil, directamente imposible, consensuar con el Grupo proponente una enmienda de adición que, como decía la compañera Avia, la intención era enriquecer la moción y complementar el sentido de la moción y nos apena, la verdad, la intransigencia mostrada por el Grupo de Ciudadanos. Nuestra enmienda, pues además de instar a dar continuidad al trabajo en el marco del Consejo de

ó Concello a adherirse a unha rede internacional, que creo que pode ser unha boa rede de boas prácticas, a Rede Mundial da OMS e instar ó Goberno, pois a elaborar, no marco da Comisión, unha proposta para o funcionamento deste Consello de Maiores. Como estamos de acordo co espírito da moción —xa remato— e porque nos preocupa tamén a falta de pluralidade na proposta de integrantes que se fai deste consello de maiores, pois imos votar a favor pero tamén anunciamos que a vindeira semana convocaremos a Comisión de Benestar que presidimos para debater entre todos os grupos a mellor composición para esta proposta de Consello de Maiores e, sobre todo, para a súa posta en marcha á maior brevidade.

Salud, instaba al Ayuntamiento a adherirse a una red internacional, que creo que puede ser una buena red de buenas prácticas, la Red Mundial de la OMS e instar al Gobierno, pues a elaborar, en el marco de la Comisión, una propuesta para el funcionamiento de este Consejo de Mayores. Como estamos de acuerdo con el espíritu de la moción —ya finalizo— y porque nos preocupa también la falta de pluralidad en la propuesta de integrantes que se hace de este consejo de mayores, pues vamos a votar a favor pero también anunciamos que la próxima semana convocaremos la Comisión de Bienestar que presidimos para debatir entre todos los grupos la mejor composición para esta propuesta de consejo de mayores y, sobre todo, para su puesta en marcha a la mayor brevedad.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Non é costume desta Presidencia debater cos voceiros e propoñentes pero si quero facer unha puntualización e é que nunca, nunca, nin eu nin ningún membro deste goberno ou do Partido Socialista dixo a barbaridade de que cun goberno socialista non habería ningunha morte. Porque nós somos políticos, non deuses. Ogallá non houbese ningunha morte. O que eu dixen e repetín en campaña e o repito aquí as veces que faga falta é que, cada vez que aparece un veciño ou unha veciña falecido en soidade, para min é un fracaso, e si o é, e lamento moitísimo as dúas mortes acontecidas esta semana, e lamento moitísimo cada morte dunha persoa en soidade e, por iso, creo que iso nos ten que levar a unha reflexión profunda, a traballar máis, a traballar arreo para evitar esas situacións. Pero, dende logo, nin a min nin a ningún membro deste goberno se nos ocurriría dicir que cun

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

No es costumbre de esta Presidencia debatir con los portavoces y proponentes pero sí quiero hacer una puntualización y es que nunca, nunca, ni yo ni ningún miembro de este gobierno o del Partido Socialista dijo la barbaridad de que con un gobierno socialista no habría ninguna muerte. Porque nosotros somos políticos, no dioses. Ojalá no hubiese ninguna muerte. Lo que yo dije y repetí en campaña y lo repito aquí las veces que haga falta es que, cada vez que aparece un vecino o una vecina fallecido en soledad, para mí es un fracaso, y sí lo es, y lamento muchísimo las dos muertes acontecidas esta semana, y lamento muchísimo cada muerte de una persona en soledad y, por eso, creo que eso nos tiene que llevar a una reflexión profunda, a trabajar más, a trabajar a destajo para evitar esas situaciones. Pero, desde luego, ni a mí ni a ningún miembro de este gobierno se nos ocurriría decir que

goberno socialista non haberá mortos. Simplemente quería puntualizar esa frase.

Señora Gutiérrez, a súa quenda.

Señora Gutiérrez Roselló

Grazas, señora Alcaldesa.

Bo día a todos e a todas as persoas que están aquí, que nos ven e que nos escoitan.

Ben, xa falamos de que Galicia sofre a peor crise da que ninguén fala, pero da que estamos inmersos, que é a crise demográfica. Galicia envellece. Sabemos que é a segunda comunidade autónoma co índice de envellecemento máis grande, por detrás de Castela e León e, concretamente, Coruña faino en maior medida porque alcanza case ó 25% da súa poboación.

Isto, que sempre consideramos que é unha boa nova, porque cada vez temos unha esperanza de vida máis longa, de forma simultánea, obriga aos poderes políticos e públicos a emendar as súas políticas e os seus servizos.

Os maiores son un segmento da poboación importantísimo e é para eles, que viven intensamente, para os que viven sós, para os que precisan apoio, aqueles para os que o goberno anterior —a pesar do que di a señora Delso, non prestou demasiada atención—, é neles nos que temos que centrarnos xa que durante o último mandato este colectivo foi o absoluto esquecido. Por que digo isto? Porque non houbo nin un só servizo novo, non houbo nin unha nova programación nos centros existentes.

Non se apoiou o servizo de talón restaurante cunha inmensa listaxe de espera, queixas continuadas dos

con un gobierno socialista no habrá muertos. Simplemente quería puntualizar esa frase.

Señora Gutiérrez, su turno.

Señora Gutiérrez Roselló

Gracias, señora Alcaldesa.

Buen día a todos y a todas las personas que están aquí, que nos ven y que nos escuchan.

Bien, ya hablamos de que Galicia sufre la peor crisis de la que nadie habla, pero de la que estamos inmersos, que es la crisis demográfica. Galicia envejece. Sabemos que es la segunda comunidad autónoma con el índice de envejecimiento más grande, por detrás de Castilla y León y, concretamente, Coruña lo hace en mayor medida porque alcanza casi al 25% de su población.

Esto, que siempre consideramos que es una buena noticia, porque cada vez tenemos una esperanza de vida más larga, de forma simultánea, obliga a los poderes políticos y públicos a enmendar sus políticas y sus servicios.

Los mayores son un segmento de la población importantísimo y es para ellos, que viven intensamente, para los que viven solos, para los que precisan apoyo, aquellos para los que el gobierno anterior —a pesar de lo que dice la señora Delso, no prestó demasiada atención—, es en ellos en los que tenemos que centrarnos ya que durante el último mandato este colectivo fue el absoluto olvidado ¿Por qué digo esto? Porque no hubo ni un sólo servicio nuevo, no hubo ni una nueva programación en los centros existentes.

No se apoyó el servicio de talón restaurante con un inmenso listado de espera, quejas continuadas de los

hosteleiros e dos usuarios aos que nin sequera se recibiu, e isto xa o comentamos nalgún outro pleno. Ignorouse a axuda para ascensores nos edificios antigos, onde viven os nosos maiores, ou nas rúas, dificultando así o acceso destas persoas. Non houbo nin un só centro de día novo nin un novo centro social e, o que é peor, as axudas para o servizo a domicilio outorgadas pola Xunta quedaron sen executar arredor de 86.000 horas, é dicir, 313 persoas sen atención, dependentes sen atención.

hosteleros y de los usuarios a los que ni siquiera se recibió, y esto ya lo comentamos en algún otro pleno. Se ignoró la ayuda para ascensores en los edificios antiguos, donde viven nuestros mayores, o en las calles, dificultando así el acceso de estas personas. No hubo ni un solo centro de día nuevo ni un nuevo centro social y, lo que es peor, las ayudas para el servicio a domicilio otorgadas por la Xunta quedaron sin ejecutar alrededor de 86.000 horas, es decir, 313 personas sin atención, dependientes sin atención.

Á vista destes datos, parece que foron catro anos perdidos nesta materia como en tantas outras, claro.

A la vista de estos datos, parece que fueron cuatro años perdidos en esta materia como en tantas otras, claro.

Por todo iso debemos dirixirnos aos que son máis, ese case 25% da poboación coruñesa e, entendemos que a mellor maneira é a que propoñemos na nosa emenda por, entre outros motivos, a transversalidade das accións. Por iso propoñemos a posta en funcionamento do consello de cidade como promotor de acción conxunta da política municipal, integrando aos principais sectores e impulsando desde este consello un acordo social coa cidadanía, a través do que promover espazos de concentración con entidades sociais para desenvolver a política social municipal, en especial o relacionado cos maiores.

Por todo ello debemos dirigirnos a los que son más, ese casi 25% de la población coruñesa y, entendemos que la mejor manera es la que proponemos en nuestra enmienda por, entre otros motivos, la transversalidad de las acciones. Por eso proponemos la puesta en funcionamiento del consejo de ciudad como promotor de acción conjunta de la política municipal, integrando a los principales sectores e impulsando desde este consejo un acuerdo social con la ciudadanía, a través del que promover espacios de concentración con entidades sociales para desarrollar la política social municipal, en especial lo relacionado con los mayores.

Por último, tamén consideramos urxente poñer en marcha o plan municipal específico para mellorar a calidade de vida e combater a soidade non desexada das persoas maiores en Coruña. É un traballo que non é fácil, pero é necesario e é a responsabilidade deste concello xestionalo.

Por último, también consideramos urgente poner en marcha el plan municipal específico para mejorar la calidad de vida y combatir la soledad no deseada de las personas mayores en Coruña. Es un trabajo que no es fácil, pero es necesario y es la responsabilidad de este ayuntamiento gestionarlo.

Sen dúbida, temos todo un camiño por andar. É urxente atendelo. Estamos

Sin duda, tenemos todo un camino por andar. Es urgente atenderlo. Estamos ante

ante un colectivo que padece, en silencio, a falta de atención máis próxima e achegada que é a do seu concello. A iso debemos darlle unha rápida resposta. Non obstante, lamentamos que a nosa emenda non fose aceptada, aínda que votaremos a favor da moción. Grazas.

un colectivo que padece, en silencio, la falta de atención más próxima y cercana que es la de su ayuntamiento. A eso debemos darle una rápida respuesta. No obstante, lamentamos que nuestra enmienda no fuera aceptada, aunque votaremos a favor de la moción. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moi ben. Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Muy bien. Muchas gracias, señora Gutiérrez.

Señora Neira.

Señora Neira.

Señora Neira Martínez

Señora Neira Martínez

Grazas. Ben, pois nós imos apoiar a moción que presenta Cidadáns, pois, por razóns obvias. Eu creo que as razóns de fondo con matices ou sen eles, estamos todos de acordo. Hai un problema de envellecemento da poboación e das dificultades que temos as administracións públicas para chegar a dar resposta a un sector da poboación que, xunto cos nenos, é a parte máis vulnerable, quizais máis.

Gracias. Bien, pues nosotros vamos a apoyar la moción que presenta Ciudadanos, pues, por razones obvias. Yo creo que las razones de fondo con matices o sin ellos, estamos todos de acuerdo. Hay un problema de envejecimiento de la población y de las dificultades que tenemos las administraciones públicas para llegar a dar respuesta a un sector de la población que, junto con los niños, es la parte más vulnerable, quizás más.

Eu non vou entrar nas afirmacións que fixo a señora Delso, porque xa contestou a señora alcaldesa, pero si vou dar un dato: desgraciadamente, os dous últimos casos que lemos e que nos sobrecolleron o corazón a todos nós esta última semana, son dúas persoas maiores que non tiñan ningún tipo de contacto cos servizos sociais. Cando nós falamos de facer a teleasistencia e facer un censo das persoas maiores, en primeiro lugar, imos facer ese censo de persoas maiores de 65 anos; en segundo lugar —xa falei disto no Pleno anterior— temos que facer un mapa de como se atopa a sociedade en canto a persoas vulnerables, tanto a nivel social como a nivel económico, e tamén por

Yo no voy a entrar en las afirmaciones que hizo la señora Delso, porque ya contestó la señora alcaldesa, pero sí voy a dar un dato: desgraciadamente, los dos últimos casos que leemos y que nos sobrecogieron el corazón a todos nosotros esta última semana, son dos personas mayores que no tenían ningún tipo de contacto con los servicios sociales. Cuando nosotros hablamos de hacer la teleasistencia y hacer un censo de las personas mayores, en primer lugar, vamos a hacer ese censo de personas mayores de 65 años; en segundo lugar —ya hablé de esto en el Pleno anterior— tenemos que hacer un mapa de cómo se encuentra la sociedad en cuanto a personas vulnerables, tanto a nivel social

idade; e, en terceiro lugar, temos que chegar a esas persoas maiores que, sendo vulnerables —ben sexa porque viven en soidade ou ben sexa porque carecen de medios económicos, ou ben sexa polas dúas cousas á vez— temos que ser nós capaces de chegar onde eles non chegan a pedir esa axuda. Non se trata tanto de que a teleasistencia sexa gratuíta —é porque o número de usuarios entra dentro do marco económico dese convenio que se ten coa Curz Vermella, polo tanto, non queda nada fóra— senón de efectuar ese censo, de remitir comunicacións por parte da Administración local aos maiores e de informarlles acerca dun servizo para que sexa utilizado de maneira masiva e siga sendo gratuíto aínda cando as cifras desborden a cantidade actual, porque á vista está que está sendo... ben, pois, infrautilizado, á marxe de que se teñen que simplificar os trámites, evidentemente, para poder acceder a el, tanto no que respecta, ben, pois ás liñas telefónicas que eran necesarias ata ese momento e que hoxe en día xa non teñen por que selo, como outro tipo de cuestións.

como a nivel económico, y también por edad; y, en tercer lugar, tenemos que llegar a esas personas mayores que, siendo vulnerables —bien sea porque viven en soledad o bien sea porque carecen de medios económicos, o bien sea por las dos cosas a la vez— tenemos que ser nosotros capaces de llegar donde ellos no llegan a pedir esa ayuda. No se trata tanto de que la teleasistencia sea gratuita —es porque el número de usuarios entra dentro del marco económico de ese convenio que se tiene con la Curz Roja, por lo tanto, no queda nada fuera— sino de efectuar ese censo, de remitir comunicaciones por parte de la Administración local a los mayores y de informarles acerca de un servicio para que sea utilizado de manera masiva y siga siendo gratuito aun cuando las cifras desborden la cantidad actual, porque a la vista está que está siendo... bien, pues, infrautilizado, al margen de que se tienen que simplificar los trámites, evidentemente, para poder acceder a él, tanto en lo que respecta, bien, pues a las líneas telefónicas que eran necesarias hasta ese momento y que hoy en día ya no tienen por qué serlo, como otro tipo de cuestiones.

Para nós —dixémolo sempre— facer un programa de atención integral ás persoas maiores é un tema tan complexo como necesario. E é un tema complexo, e é un tema complexo pola situación na que se atopa, loxicamente, a Administración local, de cara aos seus recursos humanos, como tamén por parte da poboación tan distinta e tan diversa á que temos que chegar. Temos que poñer medidas, efectivamente, pois para a convivencia interxeracional, a ver se dan resultado. Outras cidades dinnos que non deron resultado, pero imos intentalo. Estamos poñendo en marcha a oficina municipal de voluntariado xuvenil, para tratar de ser, ben, pois quen canalice a eses

Para nosotros —lo dijimos siempre— hacer un programa de atención integral a las personas mayores es un tema tan complejo como necesario. Y es un tema complejo, y es un tema complejo por la situación en la que se encuentra, lógicamente, la Administración local, de cara a sus recursos humanos, como también por parte de la población tan distinta y tan diversa a la que tenemos que llegar. Tenemos que poner medidas, efectivamente, pues para la convivencia intergeneracional, a ver si dan resultado. Otras ciudades nos dicen que no dieron resultado, pero lo vamos a intentar. Estamos poniendo en marcha la oficina municipal de voluntariado juvenil, para tratar de ser, bien, pues quien canalice a

mozos que en moitas ocasións si poden realizar tarefas de voluntariado con persoas maiores e vai ser, en primeira instancia, onde van ser dirixidos, tamén en colaboración coas asociacións do terceiro sector que traballan, ben, pois con este colectivo que se atopa máis desfavorecido.

esos jóvenes que en muchas ocasiones sí pueden realizar tareas de voluntariado con personas mayores y va a ser, en primera instancia, donde van a ser dirigidos, también en colaboración con las asociaciones del tercer sector que trabajan, bien, pues con este colectivo que se encuentra más desfavorecido.

E é verdade, unha medida que dicía a señora Avia Veira de compartir vivenda, non seguramente só nestas promo... na promoción pública que poida saír no Concello da Coruña, tamén se valorou a posibilidade de que o CMIX, de que a Concellaría de Xuventude, a través dos centros cívicos, poida dar información á xente maior que poida ter, ben, pois habitacións libres na súa casa e que poida acoller estudantes. Porque ó final é un gañar, gañar entre ámbalas dúas partes, a convivencia entre dous sectores da poboación, o non estar só e, seguramente, ben, pois o rendemento económico que poida ter para quen poida pagar pouco e para quen, seguramente, necesite cobrar ese pouco.

Y es verdad, una medida que decía la señora Avia Veira de compartir vivienda, no seguramente sólo en estas promo... en la promoción pública que pueda salir en el Ayuntamiento de A Coruña, también se valoró la posibilidad de que el CMIX, de que la Concejalía de Juventud, a través de los centros cívicos, pueda dar información a la gente mayor que pueda tener, bien, pues habitaciones libres en su casa y que pueda acoger estudiantes. Porque al final es un ganar, ganar entre las dos partes, la convivencia entre dos sectores de la población, el no estar solo y, seguramente, bien, pues el rendimiento económico que pueda tener para quien pueda pagar poco y para quien, seguramente, necesite cobrar ese poco.

Potenciaremos tamén as actividades nos centros cívicos que, evidentemente, están ben dotados en canto ó contido e en canto á oferta. Tamén se potenciará, ben, pois seguramente a un sector que non estivo todo o ben tratado ou recoñecido, como o sector dos voluntarios nos centros cívicos, que teñen tantos anos como anos teñen as actividades e o programa de actividades que se fixo para persoas maiores nos centros cívicos. Atopámonos con numerosas persoas maiores que ceden o seu tempo para que outras persoas maiores acudan a actividades que prestan eles dun xeito absolutamente gratuíto, tecendo os lazos...ben, pois que ó fin son ese xerme do que hoxe se chama "Redeiras" e que

Potenciaremos también las actividades en los centros cívicos que, evidentemente, están bien dotados en cuanto al contenido y en cuanto a la oferta. También se potenciará, bien, pues seguramente a un sector que no estuvo todo lo bien tratado o reconocido, como el sector de los voluntarios en los centros cívicos, que tienen tantos años como años tienen las actividades y el programa de actividades que se hizo para personas mayores en los centros cívicos. Nos encontramos con numerosas personas mayores que ceden su tiempo para que otras personas mayores acudan a actividades que prestan ellos de una manera absolutamente gratuita, tejiendo los lazos...bien, pues que al fin son ese germen de lo que hoy se llama "Redeiras" y que es un programa

é un programa estupendo, que seguramente ten que avanzar moito máis. Desafortunadamente non está dando os resultados que tería que estar dando, como todos os programas cando inician, non por erros —eu creo— por parte da Administración, nin moitísimo menos pola falta de compromiso por parte dos sectores que neste momento están implicados. Seguramente tamén teremos que solicitar a colaboración do Sergas, como existe noutras comunidades autónomas, para que os médicos de familia poñan en contacto ás persoas maiores con esa oficina de voluntariado xuvenil... ben, para poñer en contacto a persoas novas con persoas maiores para que os acompañen á compra, para que os acompañen a facer xestións que para nós poden ser sinxelas —tales como recargar a tarxeta Millennium no caixeiro ou ir ás xestións do banco— e trataremos, tamén, de facer campañas divulgativas desde os centros cívicos porque ó fin é o noso altofalante máis importante, e a través desa rede de voluntariados que existen nos centros cívicos, pois para compartir noite, a noite de Noiteboa, para pasar festas xuntos e para tratar, ben, pois de que esas redes de afectos poidan crearse para que non existan mortes como as que houbo esta semana no máis absoluto silencio, porque ten que ser unha tristeza irse desta vida nese silencio sepulcral.

estupendo, que seguramente tiene que avanzar mucho más. Desafortunadamente no está dando los resultados que tendría que estar dando, como todos los programas cuando inician, no por errores —yo creo— por parte de la Administración, ni muchísimo menos por la falta de compromiso por parte de los sectores que en este momento están implicados. Seguramente también tendremos que solicitar la colaboración del Sergas, como existe en otras comunidades autónomas, para que los médicos de familia pongan en contacto a las personas mayores con esa oficina de voluntariado juvenil... bien, para poner en contacto a personas jóvenes con personas mayores para que los acompañen a la compra, para que los acompañen a hacer gestiones que para nosotros pueden ser sencillas —tales como recargar la tarjeta Millennium en el cajero o ir a las gestiones del banco— y trataremos, también, de hacer campañas divulgativas desde los centros cívicos porque al fin es nuestro altavoz más importante, y a través de esa red de voluntariados que existen en los centros cívicos, pues para compartir noche, la noche de Nochebuena, para pasar fiestas juntos y para tratar, bien, pues de que esas redes de afectos puedan crearse para que no existan muertes como las que hubo esta semana en el más absoluto silencio, porque tiene que ser una tristeza irse de esta vida en ese silencio sepulcral.

De todos os xeitos, desde a Administración local e con toda a humildade do mundo, dicindo que é un traballo difícil, que é un traballo duro, que nos faltan mans, que nos falta seguramente todo o que nós precisamos para dar resposta a cada unha das persoas maiores que se atopan aí fóra esperando pola Administración local, desde logo, si que está dentro do que é a nosa intención e todo o noso esforzo

De todas formas, desde la Administración local y con toda la humildad del mundo, diciendo que es un trabajo difícil, que es un trabajo duro, que nos faltan manos, que nos falta seguramente todo lo que nosotros precisamos para dar respuesta a cada una de las personas mayores que se encuentran ahí fuera esperando por la Administración local, desde luego, sí que está dentro de lo que es nuestra intención y todo nuestro esfuerzo estará destinado a

estará destinado a un dos dous colectivos para os que imos traballar: ás persoas maiores e para os adolescentes en situación de vulnerabilidade.

uno de los dos colectivos para los que vamos a trabajar: a las personas mayores y para los adolescentes en situación de vulnerabilidad.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Neira.

Muchas gracias, señora Neira.

Por orde de presentación pasamos á votación, en primeiro lugar, da emenda de substitución do Partido Popular.

Por orden de presentación pasamos a la votación, en primer lugar, de la enmienda de sustitución del Partido Popular.

Votación da emenda de substitución presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á terceira moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía

Votación de la enmienda de sustitución presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la tercera moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á terceira moción de Cidadáns–Partido da Cidadanía para a creación do consello municipal de maiores, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la tercera moción de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía para la creación del consejo municipal de mayores, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal de Marea Atlántica (6 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de Marea Atlántica (6 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (1 voto).

Vota en contra el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Non prospera a emenda.

Muchas gracias. No prospera la enmienda.

A segunda votación é a emenda de adición de Marea Atlántica á moción de Cidadáns.

La segunda votación es la enmienda de adición de Marea Atlántica a la moción de Ciudadanos.

Votación da emenda de adición presentada polo Grupo municipal da Marea Atlántica á terceira moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía

Votación de la enmienda de adición presentada por el Grupo municipal de la Marea Atlántica a la tercera moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de adición presentada polo Grupo municipal da Marea Atlántica á terceira moción de Cidadáns–Partido da Cidadanía para a creación do consello municipal de maiores, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de adición presentada por el Grupo municipal de Marea Atlántica a la tercera moción de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía para la creación del consejo municipal de mayores, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (9 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (1 voto).

Vota en contra el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Non prospera a moción... a emenda, perdón.

No prospera la moción... la enmienda, perdón.

Agora si, votos a favor da moción presentada por Cidadáns.

Ahora sí, votos a favor de la moción presentada por Ciudadanos.

Votación da terceira moción do Grupo Municipal Mixto Cidadáns-

Votación de la tercera moción del Grupo Municipal Mixto Ciudadanos-Partido de

Partido da Cidadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción do Grupo Mixto Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs), producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas a todos. Queda aprobada por unanimidade.

161.- Moción presentada polo Grupo Mixto de Cidadáns–Partido da Cidadanía, para a creación do Consello Municipal de Maiores.

Acordo

A creación e posta en funcionamento do Consello Municipal de Persoas Maiores da Coruña á maior brevidade posible.

Presidencia

Pasamos, segundo a orde do día, ás mocións presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. A primeira moción sobre a

la Ciudadanía

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción del Grupo Mixto Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs), produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias a todos. Queda aprobada por unanimidad.

161.- Moción presentada por el Grupo Mixto de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía, para la creación del Consejo Municipal de Mayores.

Acuerdo

La creación y puesta en funcionamiento del Consejo Municipal de Personas Mayores de A Coruña a la mayor brevedad posible.

Presidencia

Pasamos, según el orden del día, a las mociones presentadas por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego. La primera moción sobre la

problemática da emigración, ten a palabra o señor Jorquera.

problemática de la emigración, tiene la palabra el señor Jorquera.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeira.- Moción sobre a problemática da emigración.

Primera.- Moción sobre la problemática de la emigración.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Moitas grazas.

Muchas gracias.

En primeiro lugar, quero aclarar que a moción que agora se debate é unha iniciativa transmitida pola plataforma "Vía galega" a todos os grupos e que o BNG asume, pois concorda plenamente cos seus contidos.

En primer lugar, quiero aclarar que la moción que ahora se debate es una iniciativa transmitida por la plataforma "Vía galega" a todos los grupos y que el BNG asume, pues concuerda plenamente con sus contenidos.

Vivimos nunha época na que a linguaxe política está inzada de eufemismos para encubrir ou desvirtuar realidades absolutamente sangrantes. Así apélase á "sustentabilidade" para xustificar os recortes, fálase de "flexibilidade laboral" para encubrir a perda de dereitos dos traballadores, ou de "mobilidade laboral" para edulcorar o drama social que representa a emigración, até o punto de que, hai décadas, existía unha grande conciencia social sobre a dimensión deste drama e, en cambio, agora a emigración se nos presenta como un fenómeno natural e incluso positivo, cando alén do drama persoal, do drama individual e do drama familiar, a emigración —insisto— é un auténtico drama social e nacional.

Vivimos en una época en la que el lenguaje político está plagado de eufemismos para encubrir o desvirtuar realidades absolutamente sangrantes. Así se apela a la "sustentabilidad" para justificar los recortes, se habla de "flexibilidad laboral" para encubrir la pérdida de derechos de los trabajadores, o de "movilidad laboral" para edulcorar el drama social que representa la emigración, hasta el punto de que, hace décadas, existía una gran conciencia social sobre la dimensión de este drama y, en cambio, ahora la emigración se nos presenta como un fenómeno natural e incluso positivo, cuando al otro lado del drama personal, del drama individual y del drama familiar, la emigración —insisto— es un auténtico drama social y nacional.

Para unha sociedade é unha auténtica sangría criar e formar unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúan logo ó progreso doutras sociedades en vez de reverter no seu propio país. E a emigración mesmo está a poñer en perigo a propia

Para una sociedad es una auténtica sangría criar y formar una generación para que su conocimiento y su trabajo contribuyan luego al progreso de otras sociedades en vez de revertir en su propio país. Y la misma emigración está poniendo en peligro la propia viabilidad

viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación e non é sostíbel nin viábel un país sen xente, un país envellecido, onde os máis novos teñen que procurar lonxe a realización do seu proxecto vital.

Os datos falan por si sós da dimensión deste drama social e nacional. Nos últimos 10 anos emigraron de Galiza máis de 200.000 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 54 anos —idades nas que se concentra a maior parte das persoas demandantes de emprego— e delas, case 80.000 eran menores de 29 anos. Resulta que hoxe, a poboación activa en Galiza —isto é, as persoas de entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego— representa xa menos da metade da poboación total.

E se falamos da nosa evolución demográfica, a poboación de Galiza representaba o 11,5% do total estatal a mediados do século XIX. Cen anos despois, a mediados do século XX, a porcentaxe descendera xa ó 9,26% e este devalo non só continuou senón que se acelerou, sobre todo nos últimos 10 anos, ata o punto de que en 2018 xa só representaba o 5,74% e, por primeira vez dende que hai rexistros, a densidade de poboación de Galiza situouse por baixo da media estatal. A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e de fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e no aumento da emigración, como di a plataforma que tomou esta iniciativa: non emigramos, expúlsannos. Por iso, esta situación só é reversíbel se se

de Galicia. El impacto de la emigración es evidente en nuestro flujo demográfico y en el envejecimiento de la población y no es sostenible ni viable un país sin gente, un país envejecido, donde los más jóvenes tienen que buscar lejos la realización de su proyecto vital.

Los datos hablan por sí solos de la dimensión de este drama social y nacional. En los últimos 10 años emigraron de Galicia más de 200.000 personas con edades comprendidas entre los 16 y los 54 años —edades en las que se concentra la mayor parte de las personas demandantes de empleo— y de ellas, casi 80.000 eran menores de 29 años. Resulta que hoy, la población activa en Galicia —esto es, las personas de entre 16 y 65 años que están trabajando o buscan empleo— representa ya menos de la mitad de la población total.

Y si hablamos de nuestra evolución demográfica, la población de Galicia representaba el 11,5% del total estatal a mediados del siglo XIX. Cien años después, a mediados del siglo XX, el porcentaje había descendido ya al 9,26% y este descenso no sólo continuó sino que se aceleró, sobre todo en los últimos 10 años, hasta el punto de que en 2018 ya sólo representaba el 5,74% y, por primera vez desde que hay registros, la densidad de población de Galicia se situó por debajo del promedio estatal. La condición periférica y subordinada de nuestra economía, la destrucción de parte importante de nuestra base productiva, la precariedad en el empleo y la ausencia de políticas ambiciosas de igualdad y de fomento de la conciliación están en la base del descenso demográfico del país y en el aumento de la emigración, como dice la plataforma que tomó esta iniciativa: no emigramos, nos expulsan. Por eso, esta situación solo

impulsan políticas que atacan as súas causas como as que se propoñen na parte resolutiva desta moción, moción para a que solicitamos o apoio de todos os grupos, para reverter dunha vez esta situación, insisto, un auténtico drama social e nacional. Moitas grazas.

es reversible si se impulsan políticas que atacan sus causas como las que se proponen en la parte resolutiva de esta moción, moción para la que solicitamos el apoyo de todos los grupos, para revertir de una vez esta situación, insisto, un auténtico drama social y nacional. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Señora Martínez.

Señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Si. Ademais dos datos que nos achega na moción, outro dato máis: hai unha franxa de idade moi preocupante. A factura que deixou a última década na pirámide de idade de poboación galega é de case 2.500 mozos menos de entre 20 e 39 anos que se marcharon ó estranxeiro ou a outros lugares de España en busca dun mellor futuro laboral.

Sí. Además de los datos que nos aporta en la moción, otro dato más: hay una franja de edad muy preocupante. La factura que dejó la última década en la pirámide de edad de población gallega es de casi 2.500 jóvenes menos de entre 20 y 39 años que se marcharon al extranjero o a otros lugares de España en busca de un mejor futuro laboral.

A crise económica, o desemprego e a mellorable oferta de estudos profesionais son algúns dos motivos deste éxodo. As medidas como as que se propoñen nesta iniciativa, destinadas a que os galegos non se vexan abocados a emigrar, deberían ir acompañadas dun programa integral de retorno do talento para mozos emigrados. Para iso debe existir coordinación entre as administracións, accións específicas e axudas concretas. Poderíanse coordinar accións desde un plan local cos plans que, neste sentido, se aprobaron a nivel nacional e autonómico; establecer unha canle de comunicación entre os mozos emigrados que queiran volver e as empresas da contorna que necesitan contratar; establecer axudas para minimizar os gastos do retorno; incentivos destinados a facilitar a posta

La crisis económica, el desempleo y la mejorable oferta de estudios profesionales son algunos de los motivos de este éxodo. Las medidas como las que se proponen en esta iniciativa, destinadas a que los gallegos no se vean avocados a emigrar, deberían ir acompañadas de un programa integral de retorno del talento para jóvenes emigrados. Para eso debe existir coordinación entre las administraciones, acciones específicas y ayudas concretas. Se podrían coordinar acciones desde un plan local con los planes que, en este sentido, se aprobaron a nivel nacional y autonómico; establecer un canal de comunicación entre los jóvenes emigrados que quieran volver y las empresas del entorno que necesitan contratar; establecer ayudas para minimizar los gastos del retorno; incentivos destinados a facilitar la puesta

en marcha de proxectos empresariais e incentivos para que as empresas con centro de traballo na Coruña contraten a estes mozos.

en marcha de proyectos empresariales e incentivos para que las empresas con centro de trabajo en A Coruña contraten a estos jóvenes.

Por outro lado está a emigración que parte, concretamente, das zonas rurais. En Cidadáns temos claro que é unha prioridade e unha cuestión de igualdade para nós. Necesitamos garantir que os cidadáns que viven nas zonas rurais teñen os mesmos servizos e as mesmas infraestruturas cós que viven nas cidades.

Por otro lado está la emigración que parte, concretamente, de las zonas rurales. En Ciudadanos tenemos claro que es una prioridad y una cuestión de igualdad para nosotros. Necesitamos garantizar que los ciudadanos que viven en las zonas rurales tienen los mismos servicios y las mismas infraestructuras que los que viven en las ciudades.

É coñecido o pacto de Estado que estamos impulsando desde Cidadáns contra a despoboación, intentando que conte con máis amplo consenso político e social posible para garantir solucións a medio e longo prazo contra a despoboación. Baixar impostos, atraer talentos, xerar novas oportunidades e reverter a poboación no mundo rural galego, garantindo os servizos de sanidade e dependencia, solucionando a brecha dixital e defendendo a caza e a pesca como motores económicos e factores de sustentabilidade, isto revitalizará a actividade económica para que os galegos non teñamos que irnos da nosa terra.

Es conocido el pacto de Estado que estamos impulsando desde Ciudadanos contra la despoblación, intentando que cuente con más amplio consenso político y social posible para garantizar soluciones a medio y largo plazo contra la despoblación. Bajar impuestos, atraer talentos, generar nuevas oportunidades y revertir la población en el mundo rural gallego, garantizando los servicios de sanidad y dependencia, solucionando la brecha digital y defendiendo la caza y la pesca como motores económicos y factores de sostenibilidad, esto revitalizará la actividad económica para que los gallegos no tengamos que irnos de nuestra tierra.

Os tempos cambian e xéranse novas oportunidades que, con políticas públicas acertadas, farían de Galicia ese lugar ó que todos quixeran vir e ninguén irse.

Los tiempos cambian y se generan nuevas oportunidades que, con políticas públicas acertadas, harían de Galicia ese lugar a lo que todos habían querido venir y nadie irse.

A conservación e posta en valor do noso patrimonio histórico e artístico incalculable, a conservación dos espazos naturais amósannos que estamos dotados de múltiples recursos e oportunidades pero, sobre todo, estamos dotados dunha terra chea de persoas con talento e é un deber de todas as forzas políticas poñer todas as solucións na primeira liña política.

La conservación y puesta en valor de nuestro patrimonio histórico y artístico incalculable, la conservación de los espacios naturales nos muestran que estamos dotados de múltiples recursos y oportunidades pero, sobre todo, estamos dotados de una tierra llena de personas con talento y es un deber de todas las fuerzas políticas poner todas las soluciones en la primera línea política.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Pola Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Si, grazas. Ben, como persoa que emigrou no seu momento, a verdade é que me sinto moi identificada coa moción e creo que non son a única que afirma que poucos sitios hai tan amigables e de tal calidade para vivir como pode ser Galicia, sempre e cando se teña traballo e sempre e cando se teña un traballo digno e un traballo estable. É unha condición "sine qua non".

Moitas persoas vense obrigadas a emigrar, efectivamente, ante a falta de traballo pero xa non só a falta de traballo, a precariedade que che impide pagar un aluguer, que che impide consolidar unha familia, que che impide botar raíces nun sitio e, realmente, ben, pois, por moitos plans de retorno que nos propoñamos —que posiblemente sexan necesarios e poidan ter a súa eficacia inmediata— ese retorno está moi dificultado se realmente non hai unhas políticas de fixación da poboación que abarquen a todos eses ámbitos. Realmente a xeración de emprego, o acceso a unha vivenda accesible, as posibilidades, tamén, de crear unha familia e poder consolidar e conciliar co traballo. O saldo migratorio de Galicia ultimamente está sendo positivo. A verdade é que esas saídas de galegos e galegas estanse a ver compensadas ata certo punto pola entrada de persoas estranxeiras doutros países que aínda viven en peores condicións ca nós, seguramente en contextos de violencia, en contextos de extrema desigualdade, pero iso non nos

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Por la Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Sí, gracias. Bien, como persona que emigró en su momento, la verdad es que me siento muy identificada con la moción y creo que no soy la única que afirma que pocos sitios hay tan amistosos y de tal calidad para vivir como puede ser Galicia, siempre y cuando se tenga trabajo y siempre y cuando se tenga un trabajo digno y un trabajo estable. Es una condición "sine qua non".

Muchas personas se ven obligadas a emigrar, efectivamente, ante la falta de trabajo pero ya no sólo la falta de trabajo, la precariedad que te impide pagar un alquiler, que te impide consolidar una familia, que te impide echar raíces en un sitio y, realmente, bien, pues, por muchos planes de retorno que nos propongamos —que posiblemente sean necesarios y puedan tener su eficacia inmediata— ese retorno está muy dificultado si realmente no hay unas políticas de fijación de la población que abarquen a todos esos ámbitos. Realmente la generación de empleo, el acceso a una vivienda accesible, las posibilidades, también, de crear una familia y poder consolidar y conciliar con el trabajo. El saldo migratorio de Galicia últimamente está siendo positivo. La verdad es que esas salidas de gallegos y gallegas se están viendo compensadas hasta cierto punto por la entrada de personas extranjeras de otros países que aún viven en peores condiciones que nosotros, seguramente en contextos de violencia, en contextos de extrema desigualdad, pero eso no nos tiene que

ten que facer descansarnos. O saldo vexetativo, a diferenza entre mortes e nacementos é absolutamente atroz. En 2018 era o peor do Estado español e iso ten moitísimo que ver coa saída de poboación nova que se ve incapacitada e imposibilitada para crear unha familia e unha vida estable en Galicia.

hacer descansar. El saldo vegetativo, la diferencia entre muertes y nacimientos es absolutamente atroz. En 2018 era el peor del Estado español y eso tiene muchísimo que ver con la salida de población joven que se ve incapacitada e imposibilitada para crear una familia y una vida estable en Galicia.

As causas, tanto desa saída de persoas emigrantes como dese saldo vexetativo tan negativo, son as mesmas, e é a falta de futuro en Galicia. Hoxe recibimos outro mazazo, non?, cando nos din que outra industria se ve abocada ó peche ante, ben, pois, de algunha maneira, inoperancia ou medidas ineficaces por parte das administracións.

Las causas, tanto de esa salida de personas emigrantes como de ese saldo vegetativo tan negativo, son las mismas, y es la falta de futuro en Galicia. Hoy recibimos otro mazazo, ¿no?, cuando nos dicen que otra industria se ve abocada al cierre ante, bien, pues, de alguna manera, inoperancia o medidas ineficaces por parte de las administraciones.

Chamoume moito a atención cando fomos ó Parlamento de Galicia, no último debate sobre o estado da autonomía, a lixereza coa que o Presidente da Xunta se tomaba esta cuestión, non? Cando os diferentes grupos da oposición lle pasaban revista ó estado, realmente, da industria, ó estado do sector primario, ó abandono do rural, realmente á imposibilidade de poñer en valor de maneira efectiva os sectores produtivos, a min dábame a impresión de que o presidente da Xunta reaccionaba con arrogancia, reaccionaba arremetendo contra os grupos da oposición, que nese caso tiñan unha postura bastante unánime, e esquecendo que levan mandatos gobernando con maioría absoluta e que, se cadra, ten que dar explicacións do que está pasando, non?

Me llamó mucho la atención cuando fuimos al Parlamento de Galicia, en el último debate sobre el estado de la autonomía, la ligereza con la que el Presidente de la Xunta se tomaba esta cuestión, ¿no? Cuando los diferentes grupos de la oposición le pasaban revista al estado, realmente, de la industria, al estado del sector primario, al abandono del rural, realmente a la imposibilidad de poner en valor de manera efectiva los sectores productivos, a mí me daba la impresión de que el presidente de la Xunta reaccionaba con arrogancia, reaccionaba arremetiendo contra los grupos de la oposición, que en cuyo caso tenían una postura bastante unánime, y olvidando que llevan mandatos gobernando con mayoría absoluta y que, a lo mejor, tiene que dar explicaciones de lo que está pasando, ¿no?

Si que creo que fan falta políticas activas, xa non só de retorno de persoas emigrantes, que si son necesarias, senón de, realmente, de darlle un futuro a Galicia, políticas que teñan que ver con emprego, vivenda, calidade de vida, os servizos públicos, educación, sanidade e

Sí que creo que hacen falta políticas activas, ya no sólo de retorno de personas emigrantes, que sí son necesarias, sino de, realmente, de darle un futuro a Galicia, políticas que tengan que ver con empleo, vivienda, calidad de vida, los servicios públicos, educación,

que realmente faciliten que as persoas que queremos vivir aquí e que queremos quedar aquí e realmente traballar por iso, pois poidamos facelo, e creo que falo en nome de moitísimas persoas. Así que, votaremos por suposto a favor da moción.

sanidad y que realmente faciliten que las personas que queremos vivir aquí y que queremos quedar aquí y realmente trabajar por eso, pues podamos hacerlo, y creo que hablo en nombre de muchísimas personas. Así que, votaremos por supuesto a favor de la moción.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Muchas gracias, señora García.

Señora Peñalosa.

Señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López-Pin

Señora Peñalosa López-Pin

Bo día a todos os presentes e aos que nos seguen en directo. Mire, saben que lles gusta moito crear alarmismos con este tema pero os últimos catro anos, por poñer unha franxa temporal, o fluxo migratorio foi en todo momento positivo. Foi un crecemento ano a ano: no 2015, 1.380; no 2016, 4.949; no 2017, 7.209; no 2018, 13.015 persoas. É dicir, só no ano pasado saíron da nosa comunidade 11.168 persoas e entraron 24.183, saldo positivo de 13.000. Porque quizais hai que lembrarlles que a mobilidade xeográfica laboral non sempre vén dada. No século XXI moita xente elixe.

Buen día a todos los presentes y a los que nos siguen por "streaming". Mire, saben que les gusta mucho crear alarmismos con este tema pero los últimos cuatro años, por poner una franja temporal, el flujo migratorio fue en todo momento positivo. Fue un crecimiento año a año: en el 2015, 1.380; en el 2016, 4.949; en el 2017, 7.209; en el 2018, 13.015 personas. Es decir, sólo en el año pasado salieron de nuestra comunidad 11.168 personas y entraron 24.183, saldo positivo de 13.000. Porque quizás hay que recordarles que la movilidad geográfica laboral no siempre viene dada. En el siglo XXI mucha gente elige.

Dito isto e fóra de alarmismos, entendemos que haxa xente que, dun xeito ou outro, marchase e queira voltar. E aí é onde o Concello ten que facer algo. Por que non falamos dos coruñeses que polas nulas políticas deste concello no anterior mandato e neste tiveron que emigrar? Por que non falamos do que vai facer o Concello da Coruña para conseguir que volvan á cidade? Pero non, vostedes só queren falar da Xunta, do que fai. Non entendo como vostedes veñen aquí a falar da Xunta cando poden facelo no Parlamento galego.

Dicho esto y fuera de alarmismos, entendemos que haya gente que, de una manera u otra, hubiera marchado y quiera volver. Y ahí es donde el Ayuntamiento tiene que hacer algo. ¿Por qué no hablamos de los coruñeses que por las nulas políticas de este ayuntamiento en el anterior mandato y en este tuvieron que emigrar? ¿Por qué no hablamos de lo que va a hacer el Ayuntamiento de A Coruña para conseguir que vuelvan a la ciudad? Pero no, ustedes sólo quieren hablar de la Xunta, de lo que hace. No entiendo cómo ustedes vienen aquí a hablar de la Xunta cuando pueden hacerlo en el Parlamento gallego.

Pero falemos do que a Xunta fai, porque claro está que é moito máis do que o PSOE e os seus socios van facer pola economía da nosa cidade. A Xunta está... **(escóitase un ruído de golpe).** *Caéuseme... Eu son como Celemín, eh?* **(risas).**

Señor Celemín Santos

Pero vaia...pero vaia...

Señora Peñalosa López-Pin

É o ímpetu ***(risas).***

Señor Celemín Santos

Señora munícipe! **(Risas)**.

Presidencia

Está? Si? Continúe, señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López-Pin

Ben, imos centrarnos.

A Xunta está poñendo en marcha moitas medidas para asegurarse de que todo aquel que desexe estar na nosa terra poida voltar. Así, no 2017, puxo en marcha a estratexia "Retorna 2020" para facilitar a volta de máis de 20.000 galegos e galegas do exterior. Trátase dun conxunto de 50 iniciativas que contan cun orzamento total de 235.000.000 de €. Con este investimento, o que se quere é incrementar nun 50% o número de retornados, dos que o 60% teñen menos de 45 anos. Grazas a este programa de actuación, a tendencia dos galegos a retornar mantense en alza.

Pero o que si xa paga a pena —que é para nota— é o último punto da moción que, quizais, é do pouco co que

Pero hablemos de lo que la Xunta hace, porque claro está que es mucho más de lo que el PSOE y sus socios van a hacer por la economía de nuestra ciudad. La Xunta está... ***(se escucha un ruido de golpe)***. Se me cayó... Yo soy como Celemín, ¿eh? ***(risas)*.**

Señor Celemín Santos

Pero vaya...pero vaya...

Señora Peñalosa López-Pin

Es el ímpetu **(risas).**

Señor Celemín Santos

¡Señora munícipe! ***(Risas).***

Presidencia

¿Está? ¿Sí? Continúe, señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López-Pin

Bien, vamos a centrarnos.

La Xunta está poniendo en marcha muchas medidas para asegurarse de que todo aquel que desee estar en nuestra tierra pueda volver. Así, en el 2017, puso en marcha la estrategia "Retorna 2020" para facilitar la vuelta de más de 20.000 gallegos y gallegas del exterior. Se trata de un conjunto de 50 iniciativas que cuentan con un presupuesto total de 235.000.000 de euros. Con esta inversión, lo que se quiere es incrementar en un 50% el número de retornados, de los que el 60% tienen menos de 45 años. Gracias a este programa de actuación, la tendencia de los gallegos a retornar se mantiene en alza.

Pero lo que sí ya vale la pena —que es para nota— es el último punto de la moción que, quizás, es de lo poco con lo

concordamos, dado que, efectivamente, este goberno local nada fixo nos últimos catro anos e, polo momento, nada vemos que vai facer nin fixo nos cinco meses anteriores por impulsar ningunha política económica. Non podemos esquecer os datos que saíron esta semana do paro na nosa cidade. A Marea e agora vostedes puxeron A Coruña como a cidade galega cos peores datos de paro. A diminución do número de parados desde que a Marea chegou a este concello ata hoxe é de case 10 puntos menos que a media galega. E se temos en conta só este ano, mentres que Galicia reduce o seu paro nun 3%, A Coruña aumenta nun 1,29%.

que concordamos, dado que, efectivamente, este gobierno local nada hizo en los últimos cuatro años y, por el momento, nada vemos que va a hacer ni hizo en los cinco meses anteriores por impulsar ninguna política económica. No podemos olvidar los datos que salieron esta semana del paro en nuestra ciudad. La Marea y ahora ustedes pusieron A Coruña como la ciudad gallega con los peores datos de paro. La disminución del número de parados desde que la Marea llegó a este ayuntamiento hasta hoy es de casi 10 puntos menos que el promedio gallego. Y si tenemos en cuenta sólo este año, mientras que Galicia reduce su paro en un 3%, A Coruña aumenta en un 1,29%.

Así vemos que se o obxectivo é promover desde o ámbito municipal o sector forestal, o enerxético, o marítimo-pesqueiro, xa poden comezar por censurar a Pedro Sánchez, polas súas políticas erráticas con Ence, coas centrais térmicas, coas empresas electrointensivas ou, incluso, co Regulamento de costas que xerou decenas de problemas.

Así vemos que si el objetivo es promover desde el ámbito municipal el sector forestal, el energético, el marítimo-pesquero, ya pueden comenzar por censurar a Pedro Sánchez, por sus políticas erráticas con Ence, con las centrales térmicas, con las empresas electrointensivas o, incluso, con el Reglamento de costas que generó decenas de problemas.

Fronte a esta política de hoxe unha cousa e mañá a outra, a Xunta mantén o seu firme apoio á industria da automoción con incremento de carga de traballo, ó sector das TICs, á innovación, que permite crear actividade e emprego de calidade. Polo tanto, creo que sobran alarmismos e faltan propostas concretas que nos permitan que esta cidade creza ó ritmo que debería e como o motor económico que debería ser de toda a comarca. Moitas grazas.

Frente a esta política de hoy una cosa y mañana la otra, la Xunta mantiene su firme apoyo a la industria de la automoción con incremento de carga de trabajo, al sector de las Tics, a la innovación, que permite crear actividad y empleo de calidad. Por lo tanto, creo que sobran alarmismos y faltan propuestas concretas que nos permitan que esta ciudad crezca al ritmo que debería y como el motor económico que debería ser de toda la comarca. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Peñalosa.

Señora Martínez Acón.

Presidencia

Muchas gracias, señora Peñalosa.

Señora Martínez Acón.

Señora Martínez Acón

Bo día. Moitas grazas, Alcaldesa.

Desde o Partido Socialista e desde este Goberno en particular, somos conscientes da importancia que está a ter a emigración de mozas galegas e galegos, que se ven obrigados a buscar o seu futuro lonxe da súa terra.

Desde este Goberno municipal estamos moi preocupados por iso e, dentro das nosas capacidades e competencias, tentamos traballar para que a cidade sexa un referente atractivo no cal os nosos mozos e mozas poidan atopar o seu futuro e formar as súas familias.

Só mirando a pirámide poboacional de Galicia, os datos do 1 de xaneiro deste ano, vemos que a pirámide non existe. É máis ben un rombo que marca o seu máximo na franxa de idade, que vai desde os 46 anos aos 65 anos, e que alcanza unha poboación total de preto de 710.000 persoas, sendo só 281.000 galegos os galegos e galegas de entre 19 e 30 anos, o que fai preguntarse polas políticas demográficas bastante ineficaces do goberno de Galicia, políticas sen resultado algún.

Así que só sumando aqueles que quedan entre os 31 e os 45 anos, podemos superar esa franxa primeira e non por moito. A poboación de Galicia se está a avellentar e non podemos permitirnos que a nosa xente busque futuro noutros lugares. Non podemos permitirnos que Galicia perda a súa xente de talento, a súa xente formada e profesional, a aqueles que queren enraizar o seu futuro nesta terra, na que se sinten a gusto e que forman parte dela.

Dende o goberno da Xunta deben tomarse moi en serio a súa posición

Señora Martínez Acón

Buen día. Muchas gracias, Alcaldesa.

Desde el Partido Socialista y desde este Gobierno en particular, somos conscientes de la importancia que está teniendo la emigración de jóvenes gallegas y gallegos, que se ven obligados a buscar su futuro lejos de su tierra.

Desde este Gobierno municipal estamos muy preocupados por eso y, dentro de nuestras capacidades y competencias, intentamos trabajar para que la ciudad sea un referente atractivo en el cual nuestros jóvenes puedan encontrar su futuro y formar sus familias.

Sólo mirando la pirámide poblacional de Galicia, los datos de 1 de enero de este año, vemos que la pirámide no existe. Es más bien un rombo que marca su máximo en la franja de edad, que va desde los 46 años a los 65 años, y que alcanza una población total de cerca de 710.000 personas, siendo sólo 281.000 gallegos los gallegos y gallegas de entre 19 y 30 años, lo que hace preguntarse por las políticas demográficas bastante ineficaces del gobierno de Galicia, políticas sin resultado alguno.

Así que sólo sumando aquellos que quedan entre los 31 y los 45 años, podemos superar esa franja primera y no por mucho. La población de Galicia está envejeciendo y no podemos permitirnos que nuestra gente busque futuro en otros lugares. No podemos permitirnos que Galicia pierda su gente de talento, su gente formada y profesional, a aquellos que quieren enraizar su futuro en esta tierra, en la que se sienten a gusto y que forman parte de ella.

Desde el gobierno de la Xunta deben tomarse muy en serio su posición en este

neste asunto. Non é baladí que, no mapa do talento de España do 2019, en cómo facilitan, atraen e reteñen as Comunidades Autónomas –realizado pola Fundación Cotec para a Innovación – Galicia se encontra no posto 12 das 17 comunidades autónomas, só por diante de Andalucía, Extremadura, Murcia, Castela A Mancha e Canarias. E se encontra no posto 16 cando se fala de facilitar a retención e atracción de talento, creando unha contorna propicia para iso, é dicir, Galicia é a penúltima comunidade autónoma que crea unha contorna propicia para a atracción e retención de talento, só superada por Canarias, que ten o problema engadido de que é a rexión insular máis afastada da península.

asunto. No es baladí que, en el mapa del talento de España del 2019, en cómo facilitan, atraen y retienen las Comunidades Autónomas –realizado por la Fundación Cotec para la Innovación – Galicia se encuentra en el puesto 12 de las 17 comunidades autónomas, sólo por delante de Andalucía, Extremadura, Murcia, Castilla La Mancha y Canarias. Y se encuentra en el puesto 16 cuando se habla de facilitar la retención y atracción de talento, creando un entorno propicio para eso, es decir, Galicia es la penúltima comunidad autónoma que crea un entorno propicio para la atracción y retención de talento, sólo superada por Canarias, que tiene el problema añadido de que es la región insular más alejada de la península.

Din Marea e o PP que o saldo migratorio é positivo, pero non din que se debe especialmente aos retornados de Venezuela e venezolanos.

Dicen Marea y el PP que el saldo migratorio es positivo, pero no dicen que se debe especialmente a los retornados de Venezuela y venezolanos.

Polo exposto, imos votar a favor da moción presentada polo BNG, na que insta ó Parlamento de Galicia para que se adopten medidas contra a emigración da nosa xente que se ve obrigada a marchar por non atopar oportunidades nesta terra.

Por lo expuesto, vamos a votar a favor de la moción presentada por el BNG, en la que insta al Parlamento de Galicia para que se adopten medidas contra la emigración de nuestra gente que se ve obligada a marchar por no encontrar oportunidades en esta tierra.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Acón.

Muchas gracias, señora Acón.

Procedemos, polo tanto, á votación desta moción.

Procedemos, por lo tanto, a la votación de esta moción.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del

do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Moi ben. Queda aprobada a moción.

162.- Moción sobre a problemática da emigración.

Acordos

1.- Dirixirse ó Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2.- Instar ó Parlamento de Galicia a constituír no seu seo un relatorio sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas

Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG), produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Muy bien. Queda aprobada la moción.

162.- Moción sobre la problemática de la emigración.

Acuerdos

1.- Dirigirse al Parlamento de Galicia para que tome en consideración la emigración como un drama social y nacional, conciba este problema como una emergencia nacional y otorgue prioridad a las políticas que ataquen sus causas, instando a la Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren el derecho a un trabajo digno en la tierra y creen las condiciones para favorecer el retorno de nuestras personas emigradas.

2.- Instar al Parlamento de Galicia a constituir en su seno un relatorio sobre la emigración gallega, con el objeto de que, en el plazo máximo de cinco meses, estudie y proponga las medidas y

necesarias para rematar con este drama que ó longo da historia e actualmente golpea ó pobo galego.

3.- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galicia.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

- O compromiso desde o Goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ó tecido industrial de Galicia, sobre todo o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

Segunda.- Moción sobre a violencia machista.

Presidencia

Segunda moción do Bloque Nacionalista Galego sobre as violencias machistas, que ten unha emenda de substitución do Partido Popular.

Señora Veira.

Señora Veira González

Si, en primeiro lugar gustaríame aclarar que non imos aceptar a emenda porque, ben, entre outra cousas, renuncia a que se destine o 1% do orzamento da Xunta de Galiza a políticas de loita contra a violencia machista e pola igualdade, polo tanto, con esa eliminación xa só nos bastaría para argumentar que non

políticas necesarias para finalizar con este drama que a lo largo de la historia y actualmente golpea al pueblo gallego.

3.- Deben ser ejes de estas políticas:

- La defensa de la base productiva del país y de una economía autocentrada, que movilice los enormes recursos del país para generar empleo y riqueza en Galicia.

- La creación de empleo digno y de calidad.

- El desarrollo de políticas sociales que aseguren la igualdad y favorezcan la conciliación de la vida laboral y familiar.

- El compromiso desde el Gobierno municipal con políticas que promuevan y le den fuerza a los sectores estratégicos y al tejido industrial de Galicia, sobre todo el agroganadero, forestal, marítimo-pesquero, energético y de las TIC.

Segunda.- Moción sobre la violencia machista.

Presidencia

Segunda moción del Bloque Nacionalista Galego sobre las violencias machistas, que tiene una enmienda de sustitución del Partido Popular.

Señora Veira.

Señora Veira González

Sí, en primer lugar me gustaría aclarar que no vamos a aceptar la enmienda porque, bien, entre otra cosas, renuncia a que se destine el 1% del presupuesto de la Xunta de Galicia a políticas de lucha contra la violencia machista y por la igualdad, por lo tanto, con esa eliminación ya sólo nos bastaría para

imos aceptar esta emenda.

argumentar que no vamos a aceptar esta enmienda.

Hai outras cuestións, como a modificación da Lei orgánica 1/2004, que é a Lei estatal de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para que se inclúa dentro da violencia machista a violencia sexual. Eu teño que dicirlle ó Partido Popular que a lei galega xa o recolle, polo tanto, ben, gustaríame que un partido que goberna o noso país e que goberna Galiza tivese un pouco máis de consciencia da lexislación que está aprobada xa no noso país, non?

Hay otras cuestiones, como la modificación de la Ley orgánica 1/2004, que es la Ley estatal de medidas de protección integral contra la violencia de género, para que se incluya dentro de la violencia machista la violencia sexual. Yo tengo que decirle al Partido Popular que la ley gallega ya lo recoge, por lo tanto, bien, me gustaría que un partido que gobierna nuestro país y que gobierna Galicia tuviera un poco más de consciencia de la legislación que está aprobada ya en nuestro país, ¿no?

Fala tamén de desenvolver o pacto de estado contra a violencia de xénero dentro dos prazos e co financiamento previsto e, tendo en conta a cantidade absolutamente irrisoria que lle toca á nosa cidade en aplicación dese pacto de estado, pois, evidentemente, ese pacto de estado non nos vale, polo tanto non nos vale a emenda do Partido Popular e non a aceptamos. É máis, parécenos bastante chamativo que queira facer emendas unha organización política —que eu teño que recordalo cada vez que falamos de violencia machista, porque non podo facer outra cousa— unha organización política á que non lle treme a man para pactar con organizacións absolutamente fascistas e machistas que negan en si a violencia machista, polo tanto, leccións absolutamente ningunha.

Habla también de desarrollar el pacto de estado contra la violencia de género dentro de los plazos y con la financiación prevista y, teniendo en cuenta la cantidad absolutamente irrisoria que le toca a nuestra ciudad en aplicación de ese pacto de estado, pues, evidentemente, ese pacto de estado no nos vale, por lo tanto no nos vale la enmienda del Partido Popular y no la aceptamos. Es más, nos parece bastante llamativo que quiera hacer enmiendas una organización política —que yo tengo que recordarlo cada vez que hablamos de violencia machista, porque no puedo hacer otra cosa— una organización política a la que no le tiembla a mano para pactar con organizaciones absolutamente fascistas y machistas que niegan en sí la violencia machista, por lo tanto, lecciones absolutamente ninguna.

A moción, no que consiste, é en poñer o foco neste 25 de novembro, que se vai celebrar xa nuns días e que é o Día internacional de loita contra as violencias machistas, e poñer o foco no que é a violencia sexual. Desgrazadamente estamos afeitas, ou estamos ultimamente, pois, sufrindo, non?, a información de casos absolutamente aberrantes de violencia

La moción, en lo que consiste, es en poner el foco en este 25 de noviembre, que se va a celebrar ya en unos días y que es el Día internacional de lucha contra las violencias machistas, y poner el foco en lo que es la violencia sexual. Desgraciadamente estamos acostumbradas, o estamos últimamente, pues, sufriendo, ¿no?, la información de casos absolutamente aberrantes de

sexual exercida, ben, polo..., exercida no Estado español e absolutamente con sentenzas xudiciais que son absolutamente alucinantes e que, realmente, o que nos dá a impresión é de que as mulleres que son vítimas de violencia sexual teñen de todo menos comprensión dentro da xustiza e non teñen unha atención axeitada. O último caso —o caso máis chamativo foi o da "manada"— pero o último caso é o de Manresa, que é un caso absolutamente alucinante: como non se considera violación unha agresión sexual en toda regra de varios homes contra unha rapaza de 14 anos drogada, non? É dicir, é absolutamente incrible que porque esa persoa, esa muller, esa nena estivese drogada, non se considere como unha agresión sexual, non se considere unha violación. Porque se eu estou drogada e me rouban, é un roubo, se eu estou drogada e me asasinan, segue sendo un asasinato, e a ver por qué, se aínda por riba me drogan e me violan, iso non é unha violación e pode considerarse un abuso.

violencia sexual ejercida, bien, por el..., ejercida en el Estado español y absolutamente con sentencias judiciales que son absolutamente alucinantes y que, realmente, lo que nos da la impresión es de que las mujeres que son víctimas de violencia sexual tienen de todo menos comprensión dentro de la justicia y no tienen una atención adecuada. El último caso —el caso más llamativo fue el de la "manada"— pero el último caso es el de Manresa, que es un caso absolutamente alucinante: cómo no se considera violación una agresión sexual en toda regla de varios hombres contra una chica de 14 años drogada, ¿no? Es decir, es absolutamente increíble que porque esa persona, esa mujer, esa niña estuviera drogada, no se considere como una agresión sexual, no se considere una violación. Porque si yo estoy drogada y me roban, es un robo, si yo estoy drogada y me asesinan, sigue siendo un asesinato, y a ver por qué, si por si fuera poco me drogan y me violan, eso no es una violación y puede considerarse un abuso.

Esta é a... este é o motivo principal, non?, ese desamparo no que estamos as mulleres cando sufrimos violencia machista na súa vertente da violencia sexual. Eses casos tan chamativos fannos pensar en que hai que impulsar unha serie de reformas e de políticas, tanto desde a Xunta de Galiza como tamén desde o Goberno do Estado. Estamos falando de que se consignen recursos suficientes nos centros de planificación e orientación familiar, como o do Ventorrillo, como o de Orillamar, onde se fan esas tardes xoves que conciencian ás rapazas e aos rapaces en materia de educación afectivo-sexual; dese 1% que esiximos para dotar de suficientes recursos á loita contra a violencia de xénero; estamos falando, tamén, de que haxa atención xurídica gratuíta ás vítimas de violencia

Esta es la... este es el motivo principal, ¿no?, ese desamparo en el que estamos las mujeres cuando sufrimos violencia machista en su vertiente de la violencia sexual. Esos casos tan llamativos nos hacen pensar en que hay que impulsar una serie de reformas y de políticas, tanto desde la Xunta de Galicia como también desde el Gobierno del Estado. Estamos hablando de que se consignen recursos suficientes en los centros de planificación y orientación familiar, como el del Ventorrillo, como el de Orillamar, donde se hacen esas tardes jóvenes que conciencian a las chicas y a los chicos en materia de educación afectivo-sexual; de ese 1% que exigimos para dotar de suficientes recursos a la lucha contra la violencia de género; estamos hablando, también, de que haya atención jurídica gratuita a las víctimas

sexual, que haxa programas específicos para atender ás vítimas de violencia sexual, que se consensúe con todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e na atención da violencia machista; que haxa unha mesa de traballo tamén para isto; que haxa un protocolo específico de atención á violencia sexual no ámbito xudicial; que haxa medidas, tamén, no campo da prevención e da sensibilización da mocidade, porque hai unha realidade que é absolutamente lamentable que é que a nosa mocidade se informa sobre a sexualidade na pornografía e, polo tanto, cómpre que haxa medidas específicas para informar e para concienciar a nosa xente nova, e tamén hai que demandar, por suposto, reformas ó Goberno central. Porque o Goberno central prometeu, o Goberno socialista prometeunos ás mulleres que ía reformar a lexislación para dicir e para contemplar nesa lexislación que, cando non había consentimento, ou se non había —mellor dito— un consentimento explícito, entón sería considerado violación. E o Partido Socialista, neste momento, podemos dicir que nos fallou, podemos dicir que non cumpriu coa súa palabra. Agardemos que, a partir do 10 de novembro, cumpra coa súa palabra. Nada máis.

de violencia sexual, que haya programas específicos para atender a las víctimas de violencia sexual, que se consensue con todos los ámbitos profesionales que trabajan en la prevención y en la atención de la violencia machista; que haya una mesa de trabajo también para esto; que haya un protocolo específico de atención a la violencia sexual en el ámbito judicial; que haya medidas, también, en el campo de la prevención y de la sensibilización de la juventud, porque hay una realidad que es absolutamente lamentable que es que nuestra juventud se informa sobre la sexualidad en la pornografía y, por lo tanto, hace falta que haya medidas específicas para informar y para concienciar a nuestros jóvenes, y también hay que demandar, por supuesto, reformas al Gobierno central. Porque el Gobierno central prometió, el Gobierno socialista nos prometió a las mujeres que iba a reformar la legislación para decir y para contemplar en esa legislación que, cuando no había consentimiento, o si no había —mejor dicho— un consentimiento explícito, entonces sería considerado violación. Y el Partido Socialista, en este momento, podemos decir que nos falló, podemos decir que no cumplió con su palabra. Esperemos que, a partir del 10 de noviembre, cumpla con su palabra. Nada más.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Señora Martínez.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Señora Martínez.

Ás trece horas e corenta e nove minutos saen do Salón de Sesións os señores Martínez Durán e Coira Andrade.

A las trece horas y cuarenta y nueve minutos salen del Salón de Sesiones los señores Martínez Durán y Coira Andrade.

Señora Martínez Lema

Adiantar que imos votar a favor desta

Señora Martínez Lema

Adelantar que vamos a votar a favor de

moción.

esta moción.

Entre os centos de medidas e recomendacións que se recollen no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para que as administracións as desenvolvesen a fin de previla e combatela, están, entre elas, revisar os tipos de violencia que se exercen contra a muller e actualizar a nosa normativa, os acordos e convenios internacionais firmados ó respecto en materia de loita de violencia de xénero, como se menciona na exposición de motivos.

Entre los cientos de medidas y recomendaciones que se recogen en el Pacto de Estado contra la Violencia de Género para que las administraciones las desarrollaran a fin de prevenirla y combatirla, están, entre ellas, revisar los tipos de violencia que se ejercen contra la mujer y actualizar nuestra normativa, los acuerdos y convenios internacionales firmados al respeto en materia de lucha de violencia de género, como se menciona en la exposición de motivos.

Pero tamén hai que lembrar que España é un dos países que posúe unha lexislación máis antiga na loita contra a violencia de xénero. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cumpre 14 anos. A nosa norma é bastante anterior a un fito internacional importante nesta materia, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, celebrado en Estambul en 2011, ratificado polo noso país no 2014, que establece entre os seus artigos 33 e 40 que as partes asinantes adoptarán as medidas lexislativas ou doutro tipo necesarias para tipificar como delito a violencia psicolóxica, o acoso, a violencia física, a violencia sexual –incluída a violación – os matrimonios forzosos, as mutilacións xenitais femininas, o aborto e esterilización forzados e o acoso sexual.

Pero también hay que recordar que España es uno de los países que posee una legislación más antigua en la lucha contra la violencia de género. La Ley orgánica 1/2004, de 28 de diciembre , de medidas de protección integral contra la violencia de género, cumple 14 años. Nuestra norma es bastante anterior a un hito internacional importante en esta materia, el Convenio del Consejo de Europa sobre prevención y lucha contra la violencia contra las mujeres y la violencia doméstica, celebrado en Estambul en 2011, ratificado por nuestro país en el 2014, que establece entre sus artículos 33 y 40 que las partes firmantes adoptarán las medidas legislativas o de otro tipo necesarias para tipificar como delito la violencia psicológica, el acoso, la violencia física, la violencia sexual – incluida la violación – los matrimonios forzosos, las mutilaciones genitales femeninas, el aborto y esterilización forzados y el acoso sexual.

Este convenio supuxo un paso adiante na prevención e protección das mulleres e a súa contorna ante a violencia de xénero. Así, no noso país comezouse o camiño para implementar na lexislación nacional o recollido no convenio.

Este convenio supuso un paso adelante en la prevención y protección de las mujeres y su entorno ante la violencia de género. Así, en nuestro país se comenzó el camino para implementar en la legislación nacional lo recogido en el convenio.

Outras institucións nacionais tamén puxeron en marcha medidas para aplicar este convenio ás súas respectivas competencias, por exemplo, ese 80% de feitos delitivos ó que fan mención na súa moción, en relación a datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, xa é coñecido que, a partir de agora, con fins unicamente estatísticos, o Consello Xeral do Poder Xudicial clasificará como delitos de violencia machista todos aqueles delitos que se recollen no Convenio de Estambul.

Otras instituciones nacionales también pusieron en marcha medidas para aplicar este convenio a sus respectivas competencias, por ejemplo, ese 80% de hechos delictivos al que hacen mención en su moción, en relación a datos del Consejo General del Poder Judicial, ya es conocido que, a partir de ahora, con fines únicamente estadísticos, el Consejo General del Poder Judicial clasificará como delitos de violencia machista todos aquellos delitos que se recogen en el Convenio de Estambul.

Se, como ben recolle a proposta que nos traen, o noso país ten unha das lexislacións máis avanzadas no ámbito da parella ou ex-parella, aínda queda moito por facer noutras formas de violencia machista e, entre elas, a violencia sexual. Vista a crecente preocupación dos españois por esta lacra, consideramos que a normativa e medidas vixentes a día de hoxe seguen a ser insuficientes, polo cal, imos apoiar esta moción, dado que consideramos preciso adoptar medidas adicionais prioritarias ás que estamos obrigados coa transposición do Convenio de Estambul á lexislación estatal española para recoñecer as distintas formas e os distintos ámbitos da violencia machista, así como o desenvolvemento das accións concretas acordadas no Pacto de Estado. E o certo é que estas medidas que reforzan a loita contra a violencia machista, incluída a violencia sexual, non poden esperar máis.

Si, como bien recoge la propuesta que nos traen, nuestro país tiene una de las legislaciones más avanzadas en el ámbito de la pareja o ex-pareja, aun queda mucho por hacer en otras formas de violencia machista y, entre ellas, la violencia sexual. Vista la creciente preocupación de los españoles por esta lacra, consideramos que la normativa y medidas vigentes a día de hoy siguen siendo insuficientes, por lo cual, vamos a apoyar esta moción, dado que consideramos preciso adoptar medidas adicionales prioritarias a las que estamos obligados con la transposición del Convenio de Estambul a la legislación estatal española para reconocer las distintas formas y los distintos ámbitos de la violencia machista, así como el desarrollo de las acciones concretas acordadas en el Pacto de Estado. Y lo cierto es que estas medidas que refuerzan la lucha contra la violencia machista, incluida la violencia sexual, no pueden esperar más.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Señora Cameán.

Señora Cameán.

Señora Cameán Calvete

Señora Cameán Calvete

Moitísimas grazas, señora Rey. Moi bo día a todas e a todos.

Muchísimas gracias, señora Rey. Muy buen día a todas y a todos.

Xa adiantamos o noso voto favorable a esta moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego que non só compartimos en toda a súa extensión, senón que ademais cremos que pon sobre a mesa, pois un debate que, efectivamente, está na axenda feminista e que é un debate que non pode agardar máis, non?

Ya adelantamos nuestro voto favorable a esta moción presentada por el Bloque Nacionalista Galego que no sólo compartimos en toda su extensión, sino que además creemos que ponen sobre la mesa, pues un debate que, efectivamente, está en la agenda feminista y que es un debate que no puede esperar más, ¿no?

Ás trece horas e cincuenta e tres minutos, entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.

A las trece horas y cincuenta y tres minutos, entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.

Compartimos, efectivamente, a necesidade de avanzar, a necesidade de dar unha resposta efectiva contra as violencias machistas en plural, e unha resposta que estea absolutamente á altura dos tempos que estamos vivindo e absolutamente á altura do que nos están reclamando as mulleres desbordando as rúas, non?

Compartimos, efectivamente, la necesidad de avanzar, la necesidad de dar una respuesta efectiva contra las violencias machistas en plural, y una respuesta que esté absolutamente a la altura de los tiempos que estamos viviendo y absolutamente a la altura de lo que nos están reclamando las mujeres desbordando las calles, ¿no?

O concepto de violencias machistas pon o foco no que é o espazo público, non? Xa trascende o ámbito da parella ou da exparella e vai moito máis aló, non? Finalmente o que fai é aproximarse ó que está recollido nun tratado internacional, o Convenio de Estambul, que foi ratificado polo Estado español xa hai uns anos, no 2014, e que se vén denunciando que se está incumprindo. De todos os xeitos, non pode facernos sentir absolutamente eh..., descolocarnos que isto se siga incumprindo, senón que temos que ser firmes e contundentes na esixencia de que este Convenio de Estambul se cumpra, non?

El concepto de violencias machistas pone el foco en lo que es el espacio público, ¿no? Ya trasciende el ámbito de la pareja o de la expareja y va mucho más allá, ¿no? Finalmente lo que hace es aproximarse a lo que está recogido en un tratado internacional, el Convenio de Estambul, que fue ratificado por el Estado español ya hace unos años, en el 2014, y que se viene denunciando que se está incumpliendo. De todas formas, no puede hacernos sentir absolutamente eh..., descolocarnos que esto se siga incumpliendo, sino que tenemos que ser firmes y contundentes en la exigencia de que este Convenio de Estambul se cumpla, ¿no?

A violencia sexual, efectivamente, como dicía anteriormente, forma parte destas violencias machistas, é unha

La violencia sexual, efectivamente, como decía anteriormente, forma parte de estas violencias machistas, es una cuestión

cuestión social, unha cuestión social que, ademais, reflicte un problema estrutural e as mulleres, desde logo, sabemos, sabemos moi ben que as violencias sexuais son un tipo de violencia machista, non? Un tipo de violencia machista que padecemos calquera de nós e que, dende logo, pois, dende o Grupo municipal da Marea Atlántica non queremos que sexa así. Nós queremos desfrutar da nosa sexualidad con completa liberdade, nós queremos vivir sen temor a sentirnos inseguras cando volvemos, por exemplo, ás nosas casas, cando andamos por unha rúa que sexa pouco transitada e queremos, desde logo, pois, ter tamén relacións sexo-afectivas que non sexan discriminatorias, que non sexan con coacción e que non sexan violentas.

social, una cuestión social que, además, refleja un problema estructural y las mujeres, desde luego, sabemos, sabemos muy bien que las violencias sexuales son un tipo de violencia machista, ¿no? Un tipo de violencia machista que padecemos cualquiera de nosotros y que, desde luego, pues, desde el Grupo municipal de la Marea Atlántica no queremos que sea así. Nosotros queremos disfrutar de nuestra sexualidad con completa libertad, nosotros queremos vivir sin temor a sentirnos inseguras cuando volvemos, por ejemplo, a nuestras casas, cuando andamos por una calle que sea poco transitada y queremos, desde luego, pues, tener también relaciones sexo-afectivas que no sean discriminatorias, que no sean con coacción y que no sean violentas.

En definitiva, queremos unha vida para as mulleres libre de violencias, e queremos que isto sexa así para todas as mulleres. Certo que, comentaba a compañeira Veira, que existe un pacto de estado que foi aprobado no seu momento, un pacto de estado que neste momento —e témolo que dicir así claramente— é unha foto baleira, é unha foto baleira. Este pacto de estado mandaba a creación dunha lei que desenvolvese a violencia sexual e que a penalizase e, a data actual, pois seguimos agardando por algo que, efectivamente, é urxente resolver.

Y bien, yendo al tema concreto que nos ocupa ahora mismo de la pregunta de respuesta oral, nosotros queremos también obtener más respuestas. Mucho se dijo también en estos días y queremos saber, pues bien, qué cosas son ciertas, qué cosas no son ciertas para llegar a tener una conclusión ya que hasta mañana no podremos acceder al expediente para el cual solicitamos el acceso y, en esta ocasión, sí que es cierto que fue autorizado.

Bien, nos gustaría saber si es cierto o no es cierto que actualmente el contrato está en vigor hasta enero de 2019 y que contempla una posibilidad de prórroga de 2 años más. Nos gustaría también saber si es cierto o no es cierto que se va a prorrogar y mantener este servicio de baja exigencia que atiende o atendió durante 2018, perdón, a 247 personas y que efectuó un total de más de 5.700

de 5.700 atencións. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que se van manter os 10 postos de traballo. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que, á data actual, non existe ningunha garantía sobre a continuidade deste servizo. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que, no traspaso de poderes que realizou o anterior goberno de data 7 de xuño de 2019, no punto 5.4 recibiron información sobre o requirimento da Xunta de Galicia. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que tomaron medidas nestes 5 meses e gustaríanos saber cales. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que os técnicos municipais valoraron distintas alternativas e as puxeron sobre a mesa. Gustaríanos saber se é certo ou non é certo que a Xunta de Galicia notificou ao Concello orde de peche do Centro Abeiro. Gustaríanos saber tamén cal é actualmente a alternativa para as persoas usuarias do Centro Abeiro e se teñen garantida unha alternativa real ao ser o Centro Abeiro o único recurso destas características existentes na nosa cidade. Se é certo ou non é certo tamén que existe actualmente unha licitación en curso dun contrato de seguridade relativo a este centro, do Centro Abeiro. Gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que este contrato estivo máis de 4 meses paralizado durante os meses do verán. Se é certo ou non é certo que se realizou unha inspección de traballo hai escasas semanas onde se instou ao Goberno a establecer medidas de seguridade. Gustaríanos saber se é certo ou non é certo que, inicialmente, vostedes responderon a este requirimento, a esta inspección, enviando persoal de seguridade, e gustaríanos saber tamén se é certo ou non é certo que se reuniron coa Xunta de Galicia.

atenciones. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que se van a mantener los 10 puestos de trabajo. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que, a fecha actual, no existe ninguna garantía sobre la continuidad de este servicio. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que, en el traspaso de poder que realizó el anterior gobierno de fecha 7 de junio de 2019, en el punto 5.4 recibieron información sobre el requerimiento de la Xunta de Galicia. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que tomaron medidas en estos 5 meses y nos gustaría saber cuáles. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que los técnicos municipales valoraron distintas alternativas y las pusieron sobre la mesa. Nos gustaría saber si es cierto o no es cierto que la Xunta de Galicia notificó al Ayuntamiento orden de cierre del Centro Abeiro. Nos gustaría saber también cuál es actualmente la alternativa para las personas usuarias del Centro Abeiro y si tienen garantizada una alternativa real al ser el Centro Abeiro el único recurso de estas características existentes en nuestra ciudad. Si es cierto o no es cierto también que existe actualmente una licitación en curso de un contrato de seguridad relativo a este centro, del Centro Abeiro. Nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que este contrato estuvo más de 4 meses paralizado durante los meses del verano. Si es cierto o no es cierto que se realizó una inspección de trabajo hace escasas semanas donde se instó al Gobierno a establecer medidas de seguridad. Nos gustaría saber si es cierto o no es cierto que, inicialmente, ustedes respondieron a este requerimiento, a esta inspección, enviando personal de seguridad, y nos gustaría saber también si es cierto o no es cierto que se reunieron con la Xunta de Galicia.

Xa lles dicía inicialmente que, dende

Ya les decía inicialmente que, desde

logo, cremos que, cando se fala de diálogo é importante escoitar. Creo que neste caso concreto foi unha política de feitos consumados. Nin sequera se valorou a posibilidade de que dende este grupo puxésemos enriba da mesa alternativas como nas que se estaba traballando que, insisto que, por parte dos técnicos municipais había distintas alternativas para facer esa recolocación.

Dende logo, nós cremos que debe quedar claro por parte do Goberno e debe haber unha solución. En primeiro lugar, unha solución a estas persoas que tiñan unha garantía dunha alternativa a pasar a noite na rúa e que agora mesmo, lamentablemente, non a teñen e, en segundo lugar, queremos tamén unha garantía ou unha resposta clara a esas 10 persoas que neste momento non teñen claro que vai pasar cos seus postos de traballo.

Nada máis. Moitas grazas.

Señora Neira Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

Son once, non dez. Son once postos de traballo, non dez postos de traballo.

Home, está ben a intervención, dedicoulle vostede un minuto desde que… Estivo dous falando doutras cousas, un minuto dedicado ó Centro Abeiro. Eu podería preguntarlle a vostede outra cousa, señora Cameán: cantos dos concelleiros de goberno sabían que estaba aberto un establecemento destas características sen ningún tipo de permiso e sen ningún tipo de licenza? Cantos dos concelleiros de goberno sabían que se estaba levando a cabo unha actividade —que evidentemente, pola súa propia natureza é perigosa— nun lugar que carecía de todos os permisos legais e

luego, creemos que, cuando se habla de diálogo es importante escuchar. Creo que en este caso concreto fue una política de hechos consumados. Ni siquiera se valoró la posibilidad de que desde este grupo pusiéramos encima de la mesa alternativas como en las que se estaba trabajando que, insisto que, por parte de los técnicos municipales había distintas alternativas para hacer esa reubicación.

Desde luego, nosotros creemos que debe quedar claro por parte del Gobierno y debe haber una solución. En primer lugar, una solución a estas personas que tenían una garantía de una alternativa a pasar la noche en la calle y que ahora mismo, lamentablemente, no la tienen y, en segundo lugar, queremos también una garantía o una respuesta clara a esas 10 personas que en este momento no tienen claro qué va a pasar con sus puestos de trabajo.

Nada más. Muchas gracias.

Señora Neira Fernández

Gracias, señora alcaldesa.

Son once, no diez. Son once puestos de trabajo, no diez puestos de trabajo.

Hombre, está bien la intervención, le ha dedicado usted un minuto desde que… Estuvo dos hablando de otras cosas, un minuto dedicado al Centro Abeiro. Yo podría preguntarle a usted otra cosa, señora Cameán: ¿cuántos de los concejales de gobierno sabían que estaba abierto un establecimiento de estas características sin ningún tipo de permiso y sin ningún tipo de licencia? ¿Cuántos de los concejales de gobierno sabían que se estaba llevando a cabo una actividad —que evidentemente, por su propia naturaleza es peligrosa— en un lugar que carecía de todos los permisos legales y que por lo tanto se encontraba fuera de

que por tanto atopábase fóra de calquera cobertura de calquera seguro que estivese sobre o Centro Abeiro. E cantos dos compañeiros que sentaban con vostede no Goberno —e agora mesmo tamén sentan con vostede na bancada que teño detrás— sabían que no caso de que sucedese unha desgraza dentro do Centro Abeiro poderiamos ter todos —ou poderían ter vostedes— un problema importante encima da mesa?

cualquier cobertura de cualquier seguro que estuviera sobre el Centro Abeiro. Y ¿cuántos de los compañeros que se sentaban con usted en el Gobierno —y ahora mismo también se sientan con usted en la bancada que tengo detrás— sabían que en caso de que hubiera sucedido una desgracia dentro del Centro Abeiro podríamos tener todos —o podrían tener ustedes— un problema importante encima de la mesa?

Eu non lle vou a dicir con que permisos vostedes abriron Abeiro. Á vista está que con ningún.

Yo no le voy a decir con qué permisos ustedes abrieron Abeiro. A la vista está que con ninguno.

Eu tamén lle podería preguntar a vostede que que informe técnico fíxose por parte dos servizos municipais —e neste caso falo das técnicas de servizos sociais— para dicir se a localización do Centro Abeiro era a máis adecuada desde o punto de vista social? Porque polo que se me comenta a min —que tamén se lle comentou a vostede— non era, por razóns obvias, a mellor das localizacións. E aínda así, eu que me repasei todas as actas dos catro anos anteriores, non atopei nin unha soa mención do Partido Socialista —que xa hei de dicir que descoñeciamos que se atopaba fóra de licenza— nunca atopamos unha soa mención do Partido Socialista relativa ao Centro Abeiro. Nin unha. Nin unha. Porque eu creo que hai determinadas cuestións que teñen que quedar fose do debate e da oposición política.

Yo también le podría preguntar a usted que ¿qué informe técnico se hizo por parte de los servicios municipales —y en este caso hablo de las técnicas de servicios sociales— para decir si la ubicación del Centro Abeiro era la más adecuada desde el punto de vista social? Porque por lo que se me comenta a mí —que también se le comentó a usted— no era, por razones obvias, la mejor de las ubicaciones. Y aún así, yo que me he repasado todas las actas de los cuatro años anteriores, no he encontrado ni una sola mención del Partido Socialista —que ya he de decir que desconocíamos que se encontraba fuera de licencia— nunca hemos encontrado una sola mención del Partido Socialista relativa al Centro Abeiro. Ni una. Ni una. Porque yo creo que hay determinadas cuestiones que tienen que quedar fuera del debate y de la oposición política.

Pode vostede tomar nota do que fan algún dos compañeiros cos que senta, noutros temas que neste momento tamén me tocan a min, que actúan con responsabilidade. Porque estamos a falar dun sector da poboación tremendamente vulnerable, tremendamente vulnerable. E creo que levantar alarma social, e creo que

Puede usted tomar nota de lo que hacen alguno de los compañeros con los que se sienta, en otros temas que en este momento también me tocan a mí, que actúan con responsabilidad. Porque estamos hablando de un sector de la población tremendamente vulnerable, tremendamente vulnerable. Y creo que levantar alarma social, y creo que

levantar todo tipo de rebumbio ao redor dun problema que foi de carácter administrativo e que ademais foi vostede a responsable, creo que non é politicamente —e desde logo para min persoalmente— o máis adecuado.

levantar todo tipo de rebumbio en torno a un problema que ha sido de carácter administrativo y que además ha sido usted la responsable, creo que no es políticamente —y desde luego para mí personalmente— lo más adecuado.

Pero vou facer un repaso. Centro Abeiro —que me imaxino que todos o saberán pero se non o saben— é un centro de baixa esixencia que se monta sen ningún tipo de licenza con 15 prazas abertas. Por certo, móntase despois daquela situación que se deu con "A miña casiña", que vostede será coñecedora, que a min lémbranme, e que foi bastante mellorable, para dicilo dese xeito. O 23 de maio de 2017 o Concello presenta unha solicitude á Xunta para o inicio de actividade dun centro de baixa esixencia denominado "Abeiro", mediante unha declaración previa, e o 1 de xuño de 2017 a Xunta require unha documentación complementaria ao Concello. En agosto a Xunta envía unha inspección despois de comprobar que vostede anuncia aos catro ventos a apertura dun centro que carece de licenza, e inicia un expediente sancionador por falta grave. Vénlles unha sanción a vostedes o 6 de outubro do 2017 por 3.000 €, fronte á que non realizan ningún tipo de alegación, que pagan en período de pago voluntario e rebáixaselles así en 2.400 €.

Pero le voy a hacer un repaso. Centro Abeiro —que me imagino que todos lo sabrán pero si no lo saben— es un centro de baja exigencia que se monta sin ningún tipo de licencia con 15 plazas abiertas. Por cierto, se monta después de aquella situación que se dio con "Mi casita", que usted será conocedora, que a mí me recuerdan, y que fue bastante mejorable, para decirlo de esa manera. El 23 de mayo de 2017 el Ayuntamiento presenta una solicitud a la Xunta para el inicio de actividad de un centro de baja exigencia denominado "Abeiro", mediante una declaración previa, y el 1 de junio de 2017 la Xunta requiere una documentación complementaria al Ayuntamiento. En agosto la Xunta envía una inspección después de comprobar que usted anuncia a bombo y platillo la apertura de un centro que carece de licencia, e inicia un expediente sancionador por falta grave. Les viene una sanción a ustedes el 6 de octubre del 2017 por 3.000 €, frente a la que no realizan ningún tipo de alegación, que pagan en periodo de pago voluntario y se les rebaja así en 2.400 €.

O 12 de decembro do 2017 iníciase por parte de Concello un novo trámite, dáselle rexistro de entrada á Xunta de Galicia o 22 de xaneiro do 2018, no que se solicita que se lles permita continuar o uso do centro mentres que se resolva esta nova solicitude. No intermedio vostedes fan a contratación dunha asistencia técnica na que se fai o estudo dunha serie de obras de mellora, tales como os baños adaptados e unha serie de cuestións que finalmente non se

El 12 de diciembre del 2017 se inicia por parte de Ayuntamiento un nuevo trámite, se le da registro de entrada a la Xunta de Galicia el 22 de enero del 2018, en el que se solicita que se les permita continuar el uso del centro mientras que se resuelva esta nueva solicitud. En el intermedio ustedes hacen la contratación de una asistencia técnica en la que se hace el estudio de una serie de obras de mejora, tales como los baños adaptados y una serie de cuestiones que finalmente no se

chegaron a realizar, porque vostedes eran coñecedores que o problema do Centro Abeiro non era ese, o problema do Centro Abeiro era que onde son 2,30 non son 2,50 na altura do teito.

llegaron a realizar, porque ustedes eran conocedores que el problema del Centro Abeiro no era ese, el problema del Centro Abeiro era que donde son 2,30 no son 2,50 en la altura del techo.

E o 22 de maio, —22 de maio que aínda era vostede a concelleira responsable— a Xunta respóndelle o Concello que o centro non se adecúa aos requisitos específicos esixidos na normativa sectorial de aplicación.

Y el 22 de mayo, —22 de mayo que aún era usted la concejala responsable— la Xunta le responde al Ayuntamiento que el centro no se adecúa a los requisitos específicos exigidos en la normativa sectorial de aplicación.

E eu como teño a ben non mentir, vou dicir o que fixo este Goberno desde o momento que ten coñecemento que o Centro Abeiro de baixa esixencia atópase sen ningún tipo de licenza.

Y yo como tengo a bien no mentir, le voy a decir lo que ha hecho este Gobierno desde el momento que tiene conocimiento que el Centro Abeiro de baja exigencia se encuentra sin ningún tipo de licencia.

En primeiro lugar, buscar alternativas. Se vostede ten algunha me imaxino que a coñecerá na época anterior, eu de todos os xeitos, estou aberta a que calquera de vostedes dígame onde se pode desprazar á data de hoxe un centro de baixa esixencia na cidade, porque nos cansamos de buscalo. Con todo estamos a traballar e valorando outras alternativas a medio prazo.

En primer lugar, buscar alternativas. Si usted tiene alguna me imagino que la habrá conocido en la época anterior, yo de todas formas, estoy abierta a que cualquiera de ustedes me diga dónde se puede desplazar a la fecha de hoy un centro de baja exigencia en la ciudad, porque nos hemos cansado de buscarlo. No obstante estamos trabajando y valorando otras alternativas a medio plazo.

Falamos coas entidades para que esas 15 prazas —que non son 15 prazas fixas— puidesen darnos cobertura, sabendo perfectamente que se trata de entidades que non son de baixa esixencia. Non é a situación óptima? Por suposto que non, pero menos óptimo é ter aberto un servizo sen ningún tipo de permiso.

Hemos hablado con las entidades para que esas 15 plazas —que no son 15 plazas fijas— pudieran darnos cobertura, sabiendo perfectamente que se trata de entidades que no son de baja exigencia. ¿No es la situación óptima? Por supuesto que no, pero menos óptimo es tener abierto un servicio sin ningún tipo de permiso.

Ademais de que imos reforzar, como xa dixen nos medios de comunicación e como vostede ben sabe, os dispositivos de rúa e de frío, e abrir os polideportivos cando se atopen en situación de alerta laranxa. Iso con independencia de que estea o Centro

Además de que vamos a reforzar, como ya he dicho en los medios de comunicación y como usted bien sabe, los dispositivos de calle y de frío, y abrir los polideportivos cuando se encuentren en situación de alerta naranja. Eso con independencia de que esté el Centro

Abeiro ou non estea o Centro Abeiro, porque vostede ben saberá que hai un sector da poboación que desgraciadamente se atopa moi cronificado e que por máis que se traballe sobre eles non queren acceder aos recursos que ten esta cidade.

Abeiro o no esté el Centro Abeiro, porque usted bien sabrá que hay un sector de la población que desgraciadamente se encuentra muy cronificado y que por más que se trabaje sobre ellos no quieren acceder a los recursos que tiene esta ciudad.

Estou encantada de que vostede vaia a ver o expediente, encantada. Xa lle adianto que o único que existe deste Goberno son dous informes, un de Asesoría Xurídica e un do Servizo Técnico de Edificación, onde se indica que o Centro Abeiro atópase nunha situación na que non é posible facer ningún tipo de reparación nin de adecuación á normativa, e que está, por tanto, fóra de normativa, e que se atopa fóra da cobertura dun seguro.

Estoy encantada de que usted vaya a ver el expediente, encantada. Ya le adelanto que lo único que existe de este Gobierno son dos informes, uno de Asesoría Jurídica y uno del Servicio Técnico de Edificación, donde se indica que el Centro Abeiro se encuentra en una situación en la que no es posible hacer ningún tipo de reparación ni de adecuación a la normativa, y que está, por tanto, fuera de normativa, y que se encuentra fuera de la cobertura de un seguro.

Por tanto, todo o anterior é seu, debería de coñecelo.

Por lo tanto, todo lo anterior es suyo, debería de conocerlo.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Neira.

Muchas gracias, señora Neira.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primeira.- Pregunta de resposta oral relativa a deportes.

Primera.- Pregunta oral relativa a deportes.

Presidencia

Presidencia

Turno para as preguntas orais do Partido Popular.

Turno para las preguntas orales del Partido Popular.

Primeira pregunta, señor García.

Primera pregunta, señor García.

Señor García Fernández

Señor García Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Cal será o importe económico da convocatoria de subvencións para entidades deportivas no ano 2020?

¿Cuál será el importe económico de la convocatoria de subvenciones para entidades deportivas en el año 2020?

Presidencia

Presidencia

Señor Borrego.

Señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

Grazas, señora alcaldesa, boas tardes.

Gracias, señora alcaldesa, buenas tardes.

Na proposta que sairá desde a Concellería de Deportes no ámbito orzamentario, contabilizamos 1.584.000 € para ese ámbito.

En la propuesta que saldrá desde la Concejalía de Deportes en el ámbito presupuestario, contabilizamos 1.584.000 € para ese ámbito.

Presidencia

Presidencia

Señor García, adiante.

Señor García, adelante.

Señor García Fernández

Señor García Fernández

Mire, señor Borrego, a día de hoxe e tras cinco meses seguimos sen saber cal é a proposta deste Goberno para o deporte coruñés. Un día fálanos da cidade deportiva da Fábrica de Armas, cun, dous, tres, catro, cinco campos de fútbol… non sabemos, non, non sabemos cantos vai haber. Outro día fálanos dos campos… duns campos de fútbol en Feáns. Tampouco sabemos cal será ese proxecto. Despois sáltanos cunhas naves na Grela. En definitiva, son palabras, palabras e palabras, pero sen ningunha planificación nin estratexia, e o que é peor, nin sequera parten dun diagnóstico porque non coñecen a realidade.

Mire, señor Borrego, a día de hoy y tras cinco meses seguimos sin saber cuál es la propuesta de este Gobierno para el deporte coruñés. Un día nos habla de la ciudad deportiva de la Fábrica de Armas, con uno, dos, tres, cuatro, cinco campos de fútbol… no sabemos, no, no sabemos cuántos va a haber. Otro día nos habla de los campos… de unos campos de fútbol en Feáns. Tampoco sabemos cuál será ese proyecto. Después nos salta con unas naves en la Grela. En definitiva, son palabras, palabras y palabras, pero sin ninguna planificación ni estrategia, y lo que es peor, ni siquiera parten de un diagnóstico porque no conocen la realidad.

Quere poñer Coruña no século XXI, dicía nos medios. Non sabemos se se refire ás colas do Palacio dos Deportes, cando a xente fai as inscricións, que desde logo máis ben decimonónicas máis que do século actual, ou talvez por recuperar proxectos no Náutico de Oza,

Quiere poner Coruña en el siglo XXI, decía en los medios. No sabemos si se refiere a las colas del Palacio de los Deportes, cuando la gente hace las inscripciones, que desde luego más bien decimonónicas más que del siglo actual, o tal vez por recuperar proyectos en el

do ano 2011. Non cambiou nin nada A Coruña e o tecido deportivo nese sector. Ou talvez no estado en que se atopan os nosos campos de fútbol da Torre ou nestas polideportivas de Riazor.

Náutico de Oza, del año 2011. No ha cambiado ni nada La Coruña y el tejido deportivo en ese sector. O tal vez en el estado en que se encuentran nuestros campos de fútbol de La Torre o en estas polideportivas de Riazor.

O que temos claro é que nin as súas propias promesas son capaces de cumprir. Prometeron un organismo autónomo local nos primeiros 100 días de goberno. Pasados eses 150 días nada se sabe. Como tampouco se sabe da resolución do uso de instalacións deportivas, nin da solución que ten para emendar os problemas que entidades, deportistas e outro tipo de sectores teñen para o uso das pistas. Son de mirar e non tocar.

Lo que tenemos claro es que ni sus propias promesas son capaces de cumplir. Prometieron un organismo autónomo local en los primeros 100 días de gobierno. Pasados esos 150 días nada se sabe. Como tampoco se sabe de la resolución del uso de instalaciones deportivas, ni de la solución que tiene para subsanar los problemas que entidades, deportistas y otro tipo de sectores tienen para el uso de las pistas. Son de mirar y no tocar.

E se xa falamos de convocatorias tardías, como é a do deporte federado, lémbrolle —e pode falar coa súa compañeira, señora Neira— que temos 200.000 € para deporte inclusivo que aínda non saíu a convocatoria. Están a gañar á Marea na súa xestión, están bordándoo.

Y si ya hablamos de convocatorias tardías, como es la del deporte federado, le recuerdo —y puede hablar con su compañera, señora Neira— que tenemos 200.000 € para deporte inclusivo que todavía no ha salido la convocatoria. Están ganando a la Marea en su gestión, están bordándolo.

Pero de verdade, con este panorama merecemos unha concellería específica, como se nos vendeu?

Pero de verdad, con este panorama ¿merecemos una concejalía específica, como se nos vendió?

Mire, estamos en novembro xa. Dígollo porque se cadra non se deu conta, pero o certo é que queda un mes para pechar un ano e as entidades deportivas non saben a día de hoxe canto lles corresponde das axudas pírricas deste Concello. Porque concordará comigo que os clubs se incrementan, a competición deportiva é máis ampla, os usuarios das instalacións tamén, e é necesario ampliar o crédito.

Mire, estamos en noviembre ya. Se lo digo porque a lo mejor no se ha dado cuenta, pero lo cierto es que queda un mes para cerrar un año y las entidades deportivas no saben a día de hoy cuánto les corresponde de las ayudas pírricas de este Ayuntamiento. Porque concordará conmigo que los clubes se incrementan, la competición deportiva es más amplia, los usuarios de las instalaciones también, y es necesario ampliar el crédito.

Pero se xa non fose suficiente con ter unha contía que non se corresponde co noso tecido deportivo, o que xa non se pode admitir é que a día de hoxe sigan

Pero si ya no fuera suficiente con tener una cuantía que no se corresponde con nuestro tejido deportivo, lo que ya no se puede admitir es que a día de hoy sigan

sen saber nin canto lles corresponde pola anualidade actual, nin os horarios de uso das instalacións. Por certo, que saiban que hai entidades deportivas que están canceladas rexistralmente na Secretaría para o Deporte e están a utilizar horarios de uso de instalacións deportiva actual, é dicir, non teñen nin actividade federada.

sin saber ni cuánto les corresponde por la anualidad actual, ni los horarios de uso de las instalaciones. Por cierto, que sepan que hay entidades deportivas que están canceladas registralmente en la Secretaría para el Deporte y están utilizando horarios de uso de instalaciones deportiva actual, es decir, no tienen ni actividad federada.

Vostede sabe o que significa para as entidades todo isto? sábeno de verdade? Póñense na pel desta xente, deste tecido deportivo? Eu non vexo que haxa ningún acordo para mellorar a vida dos nosos deportistas, pero claro, imaxino que como o deporte non aparece nos acordos dos seus socios, que son os que mandan, por iso parece que o deporte non interesa. Nin co BNG nin coa Marea, entre os acordos do mandato, de deporte non aparece nada. A Marea, dúas actuacións: zona do Castrillón e Eirís, xa se acabou o deporte en Coruña. E os maiores progresistas das accións na Coruña, o BNG, resulta que dos 28 puntos, cero de deporte. Está moi ben.

¿Usted sabe lo que significa para las entidades todo esto? ¿lo saben de verdad? ¿Se ponen en la piel de esta gente, de este tejido deportivo? Yo no veo que haya ningún acuerdo para mejorar la vida de nuestros deportistas, pero claro, imagino que como el deporte no aparece en los acuerdos de sus socios, que son los que mandan, por eso parece que el deporte no interesa. Ni con el BNG ni con la Marea, entre los acuerdos del mandato, de deporte no aparece nada. La Marea, dos actuaciones: zona del Castrillón e Eirís, ya se acabó el deporte en Coruña. Y los mayores progresistas de las acciones en La Coruña, el BNG, resulta que de los 28 puntos, cero de deporte. Está muy bien.

E hoxe trouxeron aquí, ademais, de man da Marea unas cantas ordenanzas. Non se han dignado tampouco nin a modificar a Ordenanza número 15 que permitiría unha lombeirada a moitos deportistas e entidades. É necesario a bonificación do 100% ás nosas entidades deportivas, porque se non eu fágolles unha pregunta, ou varias preguntas. Entendo que ven ben que un club de ximnasia ou de patinaxe para celebrar unha exhibición, un campionato ou un campus, teña que pagar máis de 2.000 € polo uso desas instalacións. Véxoo ben, eh? Parécelles ben tamén que un club teña que pagar un bus ou varios buses para desprazar aos seus equipos a outras localidades, como son Arteixo, porque non dispoñen de instalacións deportivas municipais.

Y hoy han traído aquí, además, de mano de la Marea unas cuantas ordenanzas. No se han dignado tampoco ni a modificar la Ordenanza número 15 que permitiría un espaldarazo a muchos deportistas y entidades. Es necesario la bonificación del 100% a nuestras entidades deportivas, porque si no yo les hago una pregunta, o varias preguntas. Entiendo que ven bien que un club de gimnasia o de patinaje para celebrar una exhibición, un campeonato o un campus, tenga que pagar más de 2.000 € por el uso de esas instalaciones. Lo veo bien, eh? Les parece bien también que un club tenga que pagar un bus o varios buses para desplazar a sus equipos a otras localidades, como son Arteixo, porque no disponen de instalaciones deportivas municipales. Entiendo que es lo que

Entendo que é o que vostedes ven como apoio ao deporte dun goberno progresista que un deportista teña que pagar unha instalación para poder preparar a súa preparación a Tokio, véxoo ben. Ou que un club de 50 nenas, —que si, que tamén hai que impulsar o deporte feminino, non soamente un partido de fútbol— teña que pagar 480 € ao mes, preto de 5.000 € ao ano, para adestrar outras instalacións que non sexan de titularidade municipal, porque non dispoñen dunhas nesta cidade.

ustedes ven como apoyo al deporte de un gobierno progresista que un deportista tenga que pagar una instalación para poder preparar su preparación a Tokio, lo veo bien. O que un club de 50 niñas, —que sí, que también hay que impulsar el deporte femenino, no solamente un partido de fútbol— tenga que pagar 480 € al mes, cerca de 5.000 € al año, para entrenar otras instalaciones que no sean de titularidad municipal, porque no disponen de unas en esta ciudad.

En resumo, nin xestionan nin planifican, que é o peor. É hora xa —pasaron cinco meses desde a súa toma de posesión— de ter un diagnóstico de necesidades do noso tecido produtivo e de poñerse a elaborar unha estratexia e un plan director de deportes, é urxentísimo. Non podemos seguir coa improvisación do que se me ocorre en cada momento, e coas entidades abandonadas á súa sorte. Os nosos deportistas son un orgullo, os nosos clubs merecen respecto e apoio, e iso é o que lle pedimos: máis recursos, máis feitos e menos anuncios sen concreción.

En resumen, ni gestionan ni planifican, que es lo peor. Es hora ya —pasaron cinco meses desde su toma de posesión— de tener un diagnóstico de necesidades de nuestro tejido productivo y de ponerse a elaborar una estrategia y un plan director de deportes, es urgentísimo. No podemos seguir con la improvisación de lo que se me ocurre en cada momento, y con las entidades abandonadas a su suerte. Nuestros deportistas son un orgullo, nuestros clubes merecen respeto y apoyo, y eso es lo que le pedimos: más recursos, más hechos y menos anuncios sin concreción.

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señor García.

Gracias, señor García.

Señor Borrego.

Señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señor García, eu creo que vostede vive noutra cidade, e mesmo nunha cidade onde lle gusta máis a pirotecnia que o deporte.

Señor García, yo creo que usted vive en otra ciudad, e incluso en una ciudad en donde le gusta más la pirotecnia que el deporte.

Claro que o crédito é fundamental, claro que o apoio ás entidades e clubs é

Claro que el crédito es fundamental, claro que el apoyo a las entidades y clubes es

fundamental, pero vou contestar un pouquiño… xa que somos laxos hoxe neste tema, e vou ser breve e conciso, pois lle vou a contestar un pouquiño no ámbito xeral no que vostede falou.

fundamental, pero le voy a contestar un poquito… ya que somos laxos hoy en este tema, y voy a ser breve y conciso, pues le voy a contestar un poquito en el ámbito general en el que usted ha hablado.

Ás dezaoito horas e dezaoito minutos, sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

A las dieciocho horas y dieciocho minutos, sale del Salón de Sesiónes el señor Martínez Durán.

A Concellería de Deportes está configurada desta maneira, con tres alicerces básicos: primeiro, o recoñecemento e a valoración do deporte coruñés e dos seus deportistas; segundo: o apoio económico; e terceiro, a consecución e a construción das instalacións necesarias debidas desde hai moitos anos.

La Concejalía de Deportes está configurada de esta manera, con tres pilares básicos: primero, el reconocimiento y la valoración del deporte coruñés y de sus deportistas; segundo: el apoyo económico; y tercero, la consecución y la construcción de las instalaciones necesarias adeudadas desde hace muchos años.

Claro, vir aquí a falar, cando estamos a falar de que incrementamos, por exemplo, desde o seu último exercicio de goberno, un 150% o importe de convenios e subvencións, pois non significa para vostede que haxa máis crédito.

Claro, venir aquí a hablar, cuando estamos hablando de que incrementamos, por ejemplo, desde su último ejercicio de gobierno, un 150% el importe de convenios y subvenciones, pues no significa para usted que haya más crédito.

Xerar alarmas nas redes sociais ou tentar facelo neste Pleno co tema dos usos e horarios, cando hai un pacto tácito público entre as máis grandes asociacións do deporte coruñés, así como do resto de entidades deportivas que non figuran nelas, para, efectivamente, realizar unha conveniente convocatoria de usos en data, sen esnaquizar e facer saltar polo aire a conciliación das familias e os horarios dos equipos, pois debe ser o que ocorre noutra cidade, porque é o que pasa na Coruña.

Generar alarmas en las redes sociales o intentar hacerlo en este Pleno con el tema de los usos y horarios, cuando hay un pacto tácito público entre las más grandes asociaciones del deporte coruñés, así como del resto de entidades deportivas que no figuran en ellas, para, efectivamente, realizar una conveniente convocatoria de usos en fecha, sin destrozar y hacer saltar por los aires la conciliación de las familias y los horarios de los equipos, pues debe ser lo que ocurre en otra ciudad, porque es lo que pasa en La Coruña.

Efectivamente, pensar que un consello municipal de deportes pódese construír en cinco meses, pois saiba vostede que o consello municipal de deportes está en marcha, ten xa unha cabeza visible

Efectivamente, pensar que un consello municipal de deportes se puede construir en cinco meses, pues sepa usted que el consello municipal de deportes está en marcha, tiene ya una cabeza visible

expondo a súa organización. Enseguida estanse xa convidando a distintas entidades e colectivos a deseñalo. E á parte da ordenanza, pois dicirlle que, imos ver, é público e notorio —porque o saben todos os clubs e entidades cos que nós falamos, así como asociacións— que desde logo a ordenanza vai permitir que en ningún caso as entidades sen ánimo de lucro poidan levar a cabo as súas actividades deportivas de adestramento e competición en calquera instalación municipal.

planteando su organización. Enseguida se están ya invitando a distintas entidades y colectivos a diseñarlo. Y aparte de la ordenanza, pues decirle que, vamos a ver, es público y notorio —porque lo saben todos los clubes y entidades con los que nosotros hemos hablado, así como asociaciones— que desde luego la ordenanza va a permitir que en ningún caso las entidades sin ánimo de lucro puedan llevar a cabo sus actividades deportivas de entrenamiento y competición en cualquier instalación municipal.

Claro, pídeme vostede que lle traia xa construída a Fábrica de Armas. Eu pídolle un pouquiño de paciencia, sabe? Ás veces hai uns orzamentos prorrogados que non permiten facer determinado tipo de investimentos para conferir estudos previos do que se vai a construír. Pero eu voulle a proporcionar persoalmente un debuxo, en breve, feito por min persoalmente, do que temos exposto e do que faremos en estudo previo e en proxecto de execución ao longo de 2020, e non soamente na contorna da Fábrica de Armas, porque esta cidade necesita máis instalacións e en distintos sitios. E tamén necesita, non un plan director, necesita un plan estratéxico ao que tamén vincularemos, espero que a través da Comisión de Deporte, a todas as entidades, non só deportivas senón tamén a todos os partidos políticos representados nesta Corporación.

Claro, me pide usted que le traiga ya construida la Fábrica de Armas. Yo le pido un poquito de paciencia, ¿sabe? A veces hay unos presupuestos prorrogados que no permiten hacer determinado tipo de inversiones para conferir estudios previos de lo que se va a construir. Pero yo le voy a proporcionar personalmente un dibujo, en breve, hecho por mí personalmente, de lo que tenemos planteado y de lo que haremos en estudio previo y en proyecto de ejecución a lo largo de 2020, y no solamente en el entorno de la Fábrica de Armas, porque esta ciudad necesita más instalaciones y en distintos sitios. Y también necesita, no un plan director, necesita un plan estratégico al que también vincularemos, espero que a través de la Comisión de Deporte, a todas las entidades, no solo deportivas sino también a todos los partidos políticos representados en esta Corporación.

Home, eu sinceramente vou permitir a graza, porque xa non son horas: sería supermán se lle trouxese xa un estadio olímpico na Fábrica de Armas, eh? Pero bo, non se preocupe que o teremos en breve.

Hombre, yo sinceramente me voy a permitir la gracia, porque ya no son horas: sería supermán si le trajese ya un estadio olímpico en la Fábrica de Armas, ¿eh? Pero bueno, no se preocupe que lo tendremos en breve.

Grazas, señora Alcaldesa.

Gracias, señora Alcaldesa.

Ás dezaoito horas e vinte e catro

A las dieciocho horas y veinte minutos,

minutos, entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Borrego.

Muchas gracias, señor Borrego.

Segunda.- Pregunta de resposta oral relativa á promoción económica.

Segunda.- Pregunta de respuesta oral relativa a la promoción económica.

Presidencia

Presidencia

Segunda pregunta do Partido Popular, señora Peñalosa.

Segunda pregunta del Partido Popular, señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López- Pin

Señora Peñalosa López-Pin

Boas tardes.

Buenas tardes.

Ante os últimos datos de paro e da EPA, que actuación ten previsto o Goberno Municipal para dinamizar economicamente e a creación de emprego na cidade?

Ante los últimos datos de paro y de la EPA ¿qué actuación tiene previsto el Gobierno Municipal para dinamizar económicamente y la creación de empleo en la ciudad?

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Señora Martínez Acón.

Señora Martínez Acón.

Señora Martínez Acón

Señora Martínez Acón

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

As actuacións previstas son a cidade das Tics, constitución da oficina de promoción industrial, constitución do consello consultivo económico e social, axilización de licenzas no PAE e programa de "Coruña suma", entre outras.

Las actuaciones previstas son la ciudad de las TICs, constitución de la oficina de promoción industrial, constitución del consello consultivo económico y social, agilización de licencias en el PAE y programa de "Coruña suma", entre otras.

Señora Peñalosa López-Pin

Señora Peñalosa López-Pin

Mire, señora Martínez Acón, os datos do paro publicados este martes son preocupantes. Somos a cidade galega de peor comportamento no que vai do

Mire, señora Martínez Acón, los datos del paro publicados este martes son preocupantes. Somos la ciudad gallega de peor comportamiento en lo que va del

2019. Non só non creamos emprego senón que nos últimos meses estamos á cabeza do crecemento do desemprego, e ante estas cifras somos a que peor datos ten en desemprego feminino e no paro xuvenil.

2019. No solo no creamos empleo sino que en los últimos meses estamos a la cabeza del crecimiento del desempleo, y ante estas cifras somos la que peor datos tiene en desempleo femenino y en el paro juvenil.

Preguntámonos cal é a estratexia deste goberno para dinamizar o noso tecido produtivo. Pois eu dígollo: ningunha.

Nos preguntamos cuál es la estrategia de este gobierno para dinamizar nuestro tejido productivo. Pues yo se lo digo: ninguna.

Claro, que isto é posible se vostede cre ao seu ministro Ábalos, que nos dixo que o paro aumenta porque aumentan as inscricións nos rexistros de desemprego. Obviamente hai máis, porque esas persoas non se rexistran porque queiran rexistrarse. Fano porque quedan sen emprego e ese é o resultado da inexistente e totalmente nula política económica que axuda á creación de postos de traballo, e a falta de estabilidade impide manter o que xa hai nestes momentos.

Claro, que esto es posible si usted cree a su ministro Ábalos, que nos dijo que el paro aumenta porque aumentan las inscripciones en los registros de desempleo. Obviamente hay más, porque esas personas no se registran porque quieran registrarse. Lo hacen porque se quedan sin empleo y ese es el resultado de la inexistente y totalmente nula política económica que ayuda a la creación de puestos de trabajo, y la falta de estabilidad impide mantener lo que ya hay en estos momentos.

Pois miren, levamos desde o 2015 sendo a cidade galega con peor comportamento nos datos de emprego, e concretamente neste ano os números non son halagüeños. No que vai do 2019 somos a cidade galega onde máis sobe o paro, 1,29%, mentres que na Comunidade baixa o 2,95. Pero hai un dato preocupante: somos a cidade galega con peores datos de emprego feminino. O desemprego feminino ha subido un 3,6% neste ano, fronte a unha baixada na media galega do 0,6. E se o feminino preocupa, o xuvenil non arroxa mellores cifras, pois falamos dun colectivo que ve como o desemprego sobe 7 puntos máis que a media de Galicia.

Pues miren, llevamos desde el 2015 siendo la ciudad gallega con peor comportamiento en los datos de empleo, y concretamente en este año los números no son halagüeños. En lo que va del 2019 somos la ciudad gallega donde más sube el paro, 1,29%, mientras que en la Comunidad baja el 2,95. Pero hay un dato preocupante: somos la ciudad gallega con peores datos de empleo femenino. El desempleo femenino ha subido un 3,6% en este año, frente a una bajada en la media gallega del 0,6. Y si el femenino preocupa, el juvenil no arroja mejores cifras, pues hablamos de un colectivo que ve cómo el desempleo sube 7 puntos más que la media de Galicia.

E fronte a isto, nada de nada. Esa é a conclusión que extraemos da Comisión de Emprego convocada polo Partido Popular hai unha semana. Vostedes

Y frente a esto, nada de nada. Esa es la conclusión que hemos extraído de la Comisión de Empleo convocada por el Partido Popular hace una semana.

mesmos dixéronnos, do que cualifican como o seu gran proxecto, a cidade das Tics, recoñecen que nada podemos esperar a curto prazo, porque habería que esperar á resolución xudicial cando chegase. E mentres tanto, están a buscar alternativas? A UDC e o sector das Tics están comprometidos con este proxecto e a Xunta xa mostrou o seu compromiso e apoio económico á creación do centro galego das Tics na Coruña. Non creo que esteamos en disposición de perder este tren.

Ustedes mismos nos han dicho, de lo que califican como su gran proyecto, la ciudad de las TICs, reconocen que nada podemos esperar a corto plazo, porque habría que esperar a la resolución judicial cuando llegase. Y mientras tanto, ¿están buscando alternativas? La UDC y el sector de las TICs están comprometidos con este proyecto y la Xunta ya ha mostrado su compromiso y apoyo económico a la creación del centro gallego de las TICs en La Coruña. No creo que estemos en disposición de perder este tren.

Falou tamén de fomentar o desenvolvemento económico coa construción da Cuarta Rolda, pero esqueceuse de ter en conta que o trazado proxectado o único que une é o porto exterior co interior, sen ningunha conexión cos dous polígonos coruñeses.

Habló también de fomentar el desarrollo económico con la construcción de la Cuarta Ronda, pero se olvidó de tener en cuenta que el trazado proyectado lo único que une es el puerto exterior con el interior, sin ninguna conexión con los dos polígonos coruñeses.

Do plan "Coruña suma" o único que podemos ter é dúbidas, tras anuncialo —porque niso si que son expertos— e non teñen nada pechado. Resulta que non se pode iniciar por problemas de infraestrutura e inexistencia de empresas para facer as prácticas.

Del plan "Coruña suma" lo único que podemos tener es dudas, tras anunciarlo —porque en eso sí que son expertos— y no tienen nada cerrado. Resulta que no se puede iniciar por problemas de infraestructura e inexistencia de empresas para hacer las prácticas.

E en canto a "Coruña coopera" aínda hai máis incertidume. Se vostedes anunciaran que facilitarían emprego a máis de 1.000 coruñeses de forma temporal para a súa inclusión no mercado laboral, resulta que agora non é factible facelo porque para poder realizalo habería que cambiar a Lei de contratación pública ou buscar un patrocinador.

Y en cuanto a "Coruña coopera" aún hay más incertidumbre. Si ustedes habían anunciado que facilitarían empleo a más de 1.000 coruñeses de forma temporal para su inclusión en el mercado laboral, resulta que ahora no es factible hacerlo porque para poder realizarlo habría que cambiar la Ley de contratación pública o buscar un patrocinador.

E xa non falamos da nosa industria, con Alcoa á cabeza. Claro, que vostedes se fían do compromiso do señor Sánchez, do que creo que non nos podemos fiar. Polo momento segue xogando con todos os traballadores das electrointensivas.

Y ya no hablamos de nuestra industria, con Alcoa a la cabeza. Claro, que ustedes se fían del compromiso del señor Sánchez, del que creo que no nos podemos fiar. Por el momento sigue jugando con todos los trabajadores de las electrointensivas.

Por tanto, parece que o único que teñen claro é a súa intención de incorporarse ao plan de promoción industrial da Cámara de Comercio. É dicir, sumarse a un proxecto moi interesante pero liderado por outros, para a captación de investidores. Pero claro, como vai contestar vostede as medidas que leva a cabo se despois da reunión mantida onte, na que chamaron ao PP para falar dos orzamentos, constátase que Coruña vai empezar o ano sen contas aprobadas? É dicir, sen a principal ferramenta para dinamizar a economía da cidade e axudar ao sector empresarial.

